

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 4 de agosto de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de agosto de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1221).- DAR CONTA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO ANO 2008. EXPTE. 36996/512.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, de data 24.07.08, que di o seguinte:

1º- Aprobar o Padrón do imposto sobre bens inmobles do ano 2008 por importe de 48.702.358,07 € (CORENTA E OITO MILLÓNS SETECENTOS DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SETE CÉNTIMOS) que consta de 196.880 inscricións de Bens de natureza urbana por importe de 46.707.297,63 segundo relación comeza por Covelo Montenegro Clotilde e remata por Calviño Rodríguez Dolores e de 729 inscricións de BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS por importe de 1.995.060,44 segundo relación comeza por SPANAIR S.A. e remata por AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA."

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

2(1222).- DAR CONTA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2008. EXPTE. 37736/516.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, de data 24.07.08, que di o seguinte:

1.- Aprobar o Padrón do Imposto sobre actividades económicas do Municipio de Vigo para o ano 2008 por importe total 12.483.201,37 dos cales 11.037.216,98,- euros corresponden a cota municipal e 1.445.984,39,- euros o Recargo provincial que contén 4.384 inscricións, comezando " U.T.E. PASEO DE LAGARES DE LA LEY 18/1" epígrafe 508. e rematando por ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS epígrafe 822".

2.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1223).- CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO VIOLADORES DO VERSO PARA AS FESTAS DE VERÁN 2008. EXPTE. 2779/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 18.07.08, co conforme do concelleiro delegado de Animación Sociocultural e da xefa do Servizo de Fiscalización e co conforme do Interventor Xeral de data 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de VIOLADORES DEL VERSO, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2008, o día 10 de agosto ás 22:30 horas, no Peirao de Transatlánticos, que se transcribe a continuación.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 32.600,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a SWEET NOCTURNA S.L.N.E. Para efectuar este gasto aminorarase o RC 17784 xa existente, da partida presupostaria 4512.227.0602 (Actividades culturais diversas).

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.”

*CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE VIOLADORES DEL VERSO PARA AS FESTAS DE VERÁN
2008 DO CONCELLO DE VIGO.*

Vigo, o de de dous mil oito.

Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte Dna. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ (apoderada, administradora única..) e que actúa en nome da empresa denominada SWEET NOCTURNA S.L.N.E. CIF B-36.998.524, e con enderezo rúa Hernán Cortés nº 30, Entreplanta esquerda da cidade de VIGO, CP 36203; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do grupo VIOLADORES DEL VERSO, no sucesivo O ARTISTA, o día 10 de agosto de 2008 ás 22:30 horas no recinto denominado PEIRAO DE TRANSATLÁTNICOS, situado en Vigo, cunha duración mínima de 60 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 28.103,45 euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de TRINTA E DOUS MIL SEISCENTOS euros, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos, manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a Dna. RAQUEL SEIJO ENRIQUEZ, NIF 36115748-K, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O local da actuación, Peirao de Transatlánticos de Vigo, dispón dun aforo de 10.000 espectadores de pé. O concerto terá un carácter de GRATUITO.

PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertirallo ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- *Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

Décimo quinta.- *O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

Décimo sexta.- *O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

Décimo sétima.- *O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

Décimo oitava.- *O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 275801 formalizada coa compañía FIATC SEGUROS, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros polos equipos de luz e son deste concerto.

INSTALACIÓNS

Décimo novena.- *O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 09:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

Vixésima.- *As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.*

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- *Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

Vixésimo segunda.- *No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.*

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- *O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.*

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

4(1224).- CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓNS PARA A 1ª FESTA INTERNACIONAL DA REDE EUROPEA DE ORQUESTRAS FOLCK, FESTAS DE VERÁN 2008. EXPTE. 2780/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.07.08, co conforme do concelleiro delegado de Animación Sociocultural. e do informe da xefa do Servizo de Fiscalización e co conforme do Interventor Xeral de data 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprrobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, das actuacións musicais para a 1ª FESTA INTERNACIONAL DA REDE EUROPEA DE ORQUESTRAS FOLK dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2008, os días 6 e 7 de agosto ás 22:30 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos, que a continuación se transcribe,

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 73.692,48 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á FUNDACIÓN SONDESEU (CIF G-36.968.741)

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Que se aprrobe os prezos de 6 euros como venda anticipada e de 8 euros como venda en taquilla para as 2.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS MUSICAIS DOS ARTISTAS QUE PARTICIPARÁN NA 1ª FESTA INTERNACIONAL DA REDE EUROPEA DE ORQUESTRAS FOLK PARA AS FESTAS DE VERÁN 2008 DO CONCELLO DE VIGO.

Vigo, o de de dous mil oito.

Dunha parte D. XESUS LOPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. ANXO LOIS GARCÍA PINTOS, presidente e que actúa en nome da entidade denominada FUNDACIÓN SONDESEU CIF G-36.968.741, e con enderezo na rúa Vázquez Varela nº 1 da cidade de VIGO, CP 36203; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos grupos TRANSPIRADANSA!, FOLK ORQUESTRA GABÚ, AN AVEL e ORQUESTRA FOLK SONDESEU no sucesivo OS ARTISTAS, os días 6 e 7 de AGOSTO. de 2008, ás 22:30 horas no recinto denominado AUDITORIO DE CASTRELOS, situado na avenida de Castrelos de Vigo, cunha duración mínima de 75 minutos por grupo.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación dos ARTISTAS dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 63.528 euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de 73.692,48 euros (SETENTA E TRES MIL SEISCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS), en concepto das actuacións dos ARTISTAS; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos, manutención

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo á FUNDACIÓN SONDESEU, CIF B-36.968.741, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O local da actuación, Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, dispón dun aforo e platea de 2.500 espectadores sentados; ademais o recinto dispón dunha grada semiperimetral á platea, de acceso gratuíto, de aforo indefinido e non controlado. O CONCELLO porá á venda 1.700 entradas ao prezo de 6 euros en venta anticipada e 8 euros en taquilla, cada unha, con asento, e será beneficiario da total recadación; tamén realizará 800 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de 3 (tres) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertirallo ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 046-0880224751, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

INSTALACIÓNS

Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 09:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a

indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación dos ARTISTAS os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de 60.000 watos de son e de 90.000 watos de iluminación.

REFORZO.-

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto con aforo entorno ás 20.000 persoas na grada, O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son de 16.000 watos de potencia, en catro torres “delay” situadas na liña do graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- 20 m. de fronte, 14 m. de fondo e unha altura dende o chan de 1,80 m.; cun escenario cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 500 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de carga soportada pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; polo cal, en caso de querer voar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 m. do chan do escenario.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:

Dimensións.- 2'5 m. de fronte, 2 m. de fondo e 12 m. de altura do chsn.

Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.

Capacidade de carga. 2.000 kg. en cada nivel.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Na platea haberá unha plataforma de 6 m. de fronte, 4 m. de fondo en dous niveis situados a 0,30 e 0,50 m. do chan

Situación.- A 25 m. do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 750 Kg/m².

Para o canón de iluminación: torre de 2 m. x 2 m. x 2 m. do chan.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral.

- MERCADOTECNIA

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco segundo normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA de seis camerinos de uso exclusivo, 2 de uso individual, 2 con capacidade para 6 persoas, e 2 con capacidade para 10 persoas, todos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, toallas grandes, toallas medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

6 de agosto:

- q 48 cervexas.
- q 3 caixas de refrescos de cola.
- q 7 kilos de froita variada.
- q 36 litros de auga mineral sen gas.
- q Petiscos variados e abundantes (empanada, tortilla, fiambres, etc.) para 45 persoas.
- q Xeo
- q Vasos suficientes
- q 10 toallas

7 de agosto:

- q 90 cervexas.
- q 6 caixas de refrescos de cola.
- q 12 kilos de froita variada.
- q 70 litros de auga mineral sen gas.
- q Petiscos variados e abundantes (empanada, tortilla, fiambres, etc.) para 90 persoas.
- q Xeo
- q Vasos suficientes
- q 20 toallas

Tamén O CONCELLO subministrará aos técnicos do artistas de auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de 1 trailer, 3 autobuses, 2 furgonetas, e 12 vehículos tipo turismo do ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 6 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 14 persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.

4 membros DIANTE DO ESCENARIO.

2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

1 membro NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.

2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

1 membro: zona de minusválidos

1 membro TORRE MIXER.

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ÁS 21:00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario do ARTISTA:

CARTEIS.- 1.000 unidades, dimensións (100 x 70 centímetros).

DOSSIER ARTÍSTICO. 50 unidades

FOTOGRAFÍAS.- 25 en formato dixital

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

5(1225).- CONTRATACIÓN DOS ARTISTAS QUE VAN TOMAR PARTE NOS PROGRAMAS “TRAVESÍAS” E “LINGUAS VIVAS” DAS FESTAS DE VERÁN 2008. EXPTE. 2789/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 29.07.08, co conforme do concelleiro delegado de Animación Sociocultural, e coa fiscalización da xefa do Servizo de Fiscalización e co conforme do Interventor Xeral de data 31.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, das actuacións musicais dos artistas que tomarán parte nos programas TRAVESÍAS e LINGUAS VIVAS, dentro do contexto de concertos das Festas de Verán 2008, no Peirao de Transatlánticos entre o 8 e 15 de agosto e na praza da Constitución entre o 12 e 16 de agosto, que a continuación se transcribe..

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 115.348,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIONES S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.”

CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS MUSICAIS DOS ARTISTAS QUE PARTICIPARÁN NOS PROGRAMAS LINGUAS VIVAS E TRAVESÍAS DAS FESTAS DE VERÁN 2008 DO CONCELLO DE VIGO.

(Aprobado pola Xunta de Goberno Local de 4 de agosto de 2008)

Vigo, o 4 de agosto de dous mil oito.

Dunha parte D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. FRANCISCO JAVIER VIÉITEZ SENDÓN (administrador) e que actúa en nome da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIONES S.L. CIF B-15.547.235, e con enderezo rúa Galeras nº 17 da cidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice as seguintes actuacións dos programas TRAVESÍAS e LINGUAS VIVAS, cunha duración mínima de 60 minutos:

- SERGENT GARCÍA – peirao de Transatlánticos – 8 de agosto, 22:30 horas (Travesías)*
- DAARA J., DARGA e REEVEL BRIX – peirao de Transatlánticos – 9 de agosto, 22:30 horas (Travesías)*
- RUPER ORDORIKA e ELISEO PARRA – praza da Constitución – 12 de agosto, 23:00 horas (Linguas Vivas)*
- ZUCO 103 – peirao de Transatlánticos – 13 de agosto, 22:30 horas (Travesías)*
- LIDIA PUJOL – praza da Constitución – 14 de agosto, 23:00 horas (Linguas Vivas)*

- LOS DERVICHES DE EL CAIRO – peirao Transatlánticos – 15 de agosto, 22:30 horas (Travesías)

- NARF – auditorio Castrelos – 16 de agosto, 22:30 horas (Linguas Vivas)

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación dos ARTISTAS dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 99.437,93 euros máis o 16% de IVE, o que fai un total de CIENTO QUINCE MIL TRESCENTOS CORENTA E OITO euros, en concepto da actuación dos ARTISTAS; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos, manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma:

Un primeiro pagamento de 25.315,80 euros, o día 8 de agosto, momentos antes do comezo da actuación do artista SERGENT GARCIA, co ARTISTA no recinto, con entrega de talón nominativo a D. FRANCISCO JAVIER VIÉITEZ SENDÓN, NIF 35.281.887-W, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

Un segundo pagamento de 42.622,61 euros, o día 12 de agosto, momentos antes do comezo da actuación dos artistas RUPER ORDORIKA e ELISEO PARRA, cos ARTISTAS no recinto, con entrega de talón nominativo a D. FRANCISCO JAVIER VIÉITEZ SENDÓN, NIF 35.281.887-W, tras a achega de factura relativas ás actuacións dos días 9 e 12 de agosto, conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

Un terceiro e último pagamento de 47.409,59 euros, o día 16 de agosto, momentos antes do comezo da actuación do artista NARF, co ARTISTA no recinto, con entrega de talón nominativo a D. FRANCISCO JAVIER VIÉITEZ SENDÓN, NIF 35.281.887-W, tras a achega de factura relativa ás actuacións dos días 13, 14, 15 e 16 de agosto, conforme cos requisitos que establece o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia das actuacións, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo as actuacións nos lugares e datas determinados, etc.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización dos espectáculos.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O local da actuación Peirao de Transatlánticos de Vigo dispón dun aforo de 10.000 espectadores de pé. O local da actuación praza da Constitución dispón dun aforo de 300 espectadores de pé. O acceso a estes locais é gratuito.

O local da actuación Auditorio ao aire libre de Castrelos dispón dun aforo e platea de 4.800 espectadores de pé, ademais dunha grada semiperimetral á platea, de acceso gratuíto, de aforo indefinido e non controlado.

Os concertos terán un carácter de GRATUITO, a excepción da actuación de NARF como teloneiros dunha actuación do grupo Siniestro Total o día 16 de agosto no auditorio de Castrelos, para a que se porán a venda 4.000 entradas ao prezo de 6 euros en venta anticipada e 8 euros en taquilla, cada unha, sendo o CONCELLO o beneficiario da total recadación; tamén realizará 800 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA.

PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo dos ARTISTAS, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado cos ARTISTAS por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados cos ARTISTAS no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio destas actuacións con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos dos recintos dos concertos, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe dos ARTISTAS cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- Os ARTISTAS poderán realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou aos ARTISTAS sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso aos escenarios, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira dos escenarios ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sexta.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que OS ARTISTAS instalen no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

Décimo sétima.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 0960370028287, formalizada coa compañía MAPFRE, que garantirá as consecuencias económicas derivadas das responsabilidades civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.

A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº 271286000006 formalizada coa compañía Seguros Vitalicio (Banco Vitalicio de España C.A. De Seguros y Reaseguros), que garantirá as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros polos equipos de luz e son deste concerto:

INSTALACIÓNS

Décimo oitava.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 09:00 horas do día da actuación ata as seis horas despois do final das actuacións dos ARTISTAS.

Décimo novena.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Vixésima.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésimo primeira.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fíxarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN

Vixésimo segunda.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo terceira.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada dos ARTISTAS ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a

indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

SUBMISIÓN

Vixésimo cuarta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación dos ARTISTAS os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo será a suficiente para cumprir cos requirimentos dos riders técnicos dos artistas. A AXENCIA, en todo caso, coñece e aproba as instalacións de cada recinto de acordo co especificado nos pregos de contratación de produción elaborados polo CONCELLO.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

Será necesaria unha plataforma plana e uniforme, libre de todo material e obstáculo e sen inclinación ningunha, non podendo encontrarse dentro desta superficie, tarimas ou instrumentos pertencentes a outros artistas, equipos de son o iluminación, como mesa de monitores, ou equipos de P.A., estes deberán instalarse en alas anexas pero sempre respectando a superficie útil requirida.

A AXENCIA coñece e aproba as medidas mínimas requeridas nos pregos de contratación de produción elaborados polo CONCELLO.

O escenario deberá contar cunha escaleira ESTABLE.

O control de Son e Iluminación deberá estar centrado respecto o escenario, na metade do recinto

A mesa de son non require tarimas ou outros elementos para elevala, pero a mesa de iluminación deberá estar elevada un mínimo de 40 cm.

Así mesmo O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, se este o require, un espazo protexido de 4 metros de ancho por 2 metros de longo dentro do recinto e xunto a porta da entrada do público, para a instalación do merchandising do ARTISTA, con luz independente.

2.2. TARIMAS

Tarimas tipo Rosco no número e disposición que se especifican no rider e plano de escenario de cada un dos artistas (nunca serán máis de 6 por artista)

As Tarimas deberán ser regulables en Altura e contar coas pezas de seguridade para a súa unión, así como contar cun faldón frontal de tela negra.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a unha distancia de entre 1,5 e 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral.

- MERCADOTECNIA

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

6 (SEIS) Tomas múltiples 220V/10 A CEE para o backline do Artista situadas ~~no posto do DJ~~.

Estas tomas deberán estar dispoñibles e listas para dar servizo dende o comezo da descarga dos equipos do ARTISTA.

5. CAMERINOS E CATERING.

O CONCELLO facilitará dous camerinos independentes (mínimo 15m cadrados) e exclusivo para o uso dos ARTISTAS e o seu equipo técnico.

Camerino ARTISTAS: Con capacidade para 10 persoas, con 3 mesas, 10 cadeiras, espello de corpo enteiro,

lavabos con auga quente e fría e Cámara frigorífica (con capacidade para todo o catering e encendida dende primeira hora da mañá e non menos de 12 toallas lavadas tamaño lavabo.

Camerino equipo técnico: con capacidade para seis persoas con cadeiras, lavabos e duchas. Este camerino estará dispoñible dende a chegada do equipo técnico do ARTISTA ata A SAIDA DOS CAMIONS CARGADOS DO EQUIPO.

Dende a chegada do equipo técnico do artista e durante todo o tempo que duren as aúas probas se subministrará auga fresca en abundancia no escenario.

O camerino poderá ser pechado coa chave e estas poranse a disposición do Road Manager e / o responsable de produción do ARTISTA dende a súa chegada o Recinto, no caso de carecer de chave o camerino disporase a seguridade necesaria para a custodia das pertenzas depositadas nel.

Tódolos camerinos deben contar con unha toma de corrente de 220V

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo dos ARTISTAS terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro suficiente para 1 trailer, 1 autobús, 2 furgonetas e 2 vehículos tipo turismo do ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo que transporte ó ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos dos ARTISTAS ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición dos ARTISTAS, cando estes o requiran, un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coas actuacións dos ARTISTAS.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 4 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo do artista, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos dos ARTISTAS, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado polo número de persoas, identificables con acreditacións visíbeis, suficiente de acordo coas características de cada recinto e que cubrirán , necesariamente os seguintes postos:

1director do servizo de orde.

DETRÁS DO ESCENARIO.

DIANTE DO ESCENARIO.

NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

“BACKSTAGE” e CAMERINOS.

ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

1membro: zona de minusválidos

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos dos ARTISTAS.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

OS ARTISTAS precisan realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto (agás na Praza da Constitución, por tratarse de un espazo público).

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

As actuacións comezarán con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase unha hora antes da prevista para o inicio da actuación. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos dos ARTISTAS e dos TELONEIROS, se é o caso.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, cunha antelación de 10 días antes do concerto, o seguinte material publicitario dos ARTISTAS:

CARTEIS

DOSSIER ARTÍSTICO

FOTOGRAFÍAS

A distribución dos carteis dos ARTISTAS será por conta do CONCELLO.

EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais dos locais e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

6(1226).- AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR. CURSO 2008-2009. EXPTE. 35175/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 29.07.08, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar o listado que se achega das axudas municipais escolares de libros e material escolar – curso 2008/2009 – ANEXO I

- No nivel de Educación infantil (2ª etapa) (3, 4 e 5 anos)
- Orzamento curso: 30.000,00 €
- Cuantía da axuda para este concepto: 75 € alumno/a
- Solicitudes recibidas: 601 (pais, nais ou titores)
- 1. Alumnos/as: 660
- Orzamento adxudicado: 30.000,00 €

1.1 Concedidas:

- Das solicitudes de axudas de libros e material escolar concedéronse 360 (pais, nais ou titores) que corresponden a 400 alumnos/as.
- As solicitudes concedidas figuran nos listados que se achegan (ANEXO I) que comenza con 22 puntos en Conchado Jiménez, Mª Elena, ata Rodríguez Aparicio, José con 4.50 puntos (páxs 1-206) sendo o importe adxudicado 30.000,00 €.
- A puntuación de corte establecida para conceder as axudas de libros e material escolar foi de 4.5 puntos.

<i>Distribución das axudas de libros e material escolar por idades</i>		
Curso	Nº axudas concedidas	Importe
Educación infantil (3 anos)	109 alumnos/as	8.175,00 €
Educación infantil (4 anos)	136 alumnos/as	10.200,00 €
Educación infantil (5 anos)	155 alumnos/as	11.625,00 €
Totais	400 alumnos/as	30.000,00 €

1.2 Lista de espera.....59 alumnos /as (de Vila Carmona, Beatriz a Pazos Vázquez, Mª Josefa, páx 207-224)

1.3 Denegadas:

- Das axudas de libros e material escolar denegáronse 187 (pais, nais ou titores) que corresponden a 201 alumnos/as.

- As solicitudes denegadas figuran no listado adxunto, dende a páxina 224 con Cameselle González, Cristina ata Rodríguez Casal, Susana na páxina 287, especificando o motivo da súa denegación en cada unha delas segundo o recollido na cláusula décimo segunda das bases da convocatoria.
- Motivos das denegacións das solicitudes:
 - Presentadas fora de prazo6
 - Non aporta a documentación requerida 41
 - Non están empadroados..... 3
 - Superan os ingresos 150
 - Matrícula nun centro privado sen concerto.....1

<i>Distribución das axudas de libros e material escolar Segundo a súa resolución</i>			
	Solicitantes	Alumnos/as	Importe
Concedidas	360	400	30.000,00 €
Denegadas	187	201	15.075,00 €

2º.- Aprobar o listado que se achega das axudas municipais de comedor – curso 2008/2009 – ANEXO I

- Para os niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Orzamento 2008/2009 370.000,00 €
- Orzamento mensual 30.995,00 €/mes
- Contía da subvención..... Ata 41 €/mes/alumno/a
- Solicitudes recibidas..... 1.044 (pais, nais, titores)
- Alumnos/as..... 1.600

2.1 Concedidas.-

- Das solicitudes das axudas de comedor foron concedidas 523 (pais, nais, titores) que corresponden a 857 alumnos/as (nesta cantidade van incluídos 26 alumnos/as que a pesar de ter a axuda concedida no se abonará por establecer a gratuidade do servizo á Consellería de Educación (Cristo da Victoria, O Sello, Sta Mariña, Fonte Oscura).
- As solicitudes concedidas de comedor figuran no listado adxunto (ANEXO I) comenzando por Conchado Jiménez, Mª Elena, con 22,00 puntos ata Comesaña Ramilo, Guadalupe, con 6,5 puntos na páxina 151.
- A puntuación de corte establecida para a concesión da axuda foi 7 puntos, e os 52 primeiros de 6,5 puntos e menor renta per cápita dentro de esta puntuación, ata completar o orzamento disponible por mes.

2.2 Lista de espera.-

- Das solicitudes de comedor quedan en lista de espera 272 (pais, nais, titores) que corresponden a 403 alumnos/as que se reseñan no listado adxunto (ANEXO I) comenzando por Comesaña Mariño, Ana M^a, con 6,5 puntos, ata Mariño Moreira, M^a Carmen na páxina 224.
- Estas solicitudes adxudicaranse a medida que acaden puntuación necesaria na lista de espera única (axudas ordinarias e excepcionais) e exista dotación orzamentaria suficiente.

2.3 Denegadas.-

- Foron denegadas 249 solicitudes (pais, nais, titores) que corresponden a 340 alumnos/as que se reseñan no listado adxunto (ANEXO I) comenzando por Cameselle González, Cristina na páxina 224, ata Rodríguez Casal, Susana na páxina 287.
- Motivos das denegacións das solicitudes:
 - Presentadas fora de prazo10
 - Non aporta a documentación requerida 59
 - Non estar empadroad/a..... 4
 - O alumno está matriculado nun centro privado 1
 - O centro no conta con servizo de comedor 1
 - Superar os ingresos 174

3º. Aprobar o aboamento das axudas concedidas que se fará con cargo á partida 3130.481.00.00 – *becas libros e comedor* -, por un importe total de 400.000,00.- €, dos cales, 30.000,00 € destinaráanse a axudas de libros e material escolar e 370.000,00 € a axudas de comedor.

4º. Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web. Asemesmo comunicarase a resolución aos solicitantes por correo ordinario.

5º. Aprobar os seguintes Anexos obrantes no expediente:

- ANEXO II- Valoración libros.
- ANEXO III- Valoración comedor
- ANEXO IV.- Colexios
- ANEXO V.- Listado estatístico de solicitudes.
- ANEXO VI.- Listado estatístico por tipo de centro.

7(1227).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 4/745; 12/1572; 4/947; 12/336; 12/157; 12/1804; 2/2016; 2/65; 4/1703; 12/487; 03/2048; 03/1664; 03/1897. Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Mercedes Moreira Iglesias. Expte. 4/745.
- D^a. Elisa Domínguez Moya. Expte. 12/1572.
- D^a. Josefa Barral Fernández. Expte. 4/947.

- D^a. Amelia Pastoriza Riobo. Expte. 12/336.
- D. Ramón Montenegro Álvarez. Expte. 12/157.
- D^a. Carmen Costas Posse. Expte. 12/1804.
- D. Fernando Bastos Alonso. Expte. 2/2016.
- D^a. Eugenia Pena Pastoriza. Expte. 65/2.
- D^a. Peregrina Blanco García. Expte. 4/1703.
- D. Carlos Alvarez Dasilva. Expte. 12/487.
- D^a. María Pais Rodríguez. Expte. 3/2048.
- D^a. Josefa Vázquez Taboada. Expte. 3/1664.
- D^a. Gabriela Valiente Polo. Expte. 3/1897.

8(1228).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2008”. EXPTE. 34635/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.07.08, conforamdo polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de dita Área e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharai*, CIF.: G15.924.558, por importe de 22.750 euros.
- 2.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación *Solidariedade Galega co Pobo Saharai*, CIF.: G15.924.558 para o desenvolvemento do proxecto “vacacións en paz 2008”.
- 3.- Aprobar o gasto de 22.750 euros con cargo á partida 3130.480.00.01 - axuda ao terceiro mundo-, que corresponde ao desprazamento de 35 nenas/os.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2008”

Vigo, de de 2008

Reunidos:

Dunha parte, Dna. M^a Xosé Méndez Piñeiro, en calidade de Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de 2007,

E doutra, D. Bernardo Porto Sánchez, en calidade de presidente da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, CIF.: G15.924.558 e enderezo na rúa Gregorio Espino, 31 – entrechán, en Vigo.

As partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

A Lei 3/2003, de 19 de junio, de cooperación para o desenvolvemento ten por obxecto regular as accións con que a comunidade galega asume a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuir á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e un reparto máis xusto dos froitos do crecemento económico.

O artigo 5 deste Lei dí que os principios e criterios de cooperación para o desenvolvemento sinalados nesta vinculan a todas as políticas e actuacións da Xunta de Galicia neste ámbito e ás dos entes locais da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Que a participación das asociacións no funcionamento do traballo social é fundamental, recoñecéndolles a contribución que teñen como entidades colaboradoras das administracións públicas.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai ven desenvolvendo dende hai tempo unha importante labor coa realización do proxecto “vacacións en paz” para nenos e nenas saharahuis en Galicia. Os rapaces proceden dos campamentos de refuxiados de Tindouf.

A Asociación dispón da regulamentaria autorización como entidade prestadora de servizos sociais.

A Corporación Municipal, pola súa parte, en sesión plenaria de data 25 de abril de 2005, aprobou unha moción relativa a un plan de acollida para os nenos saharahuis, comprometéndose a aumentar progresivamente a achega económica neste programa.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

E segundo o manifestado con anterioridade, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.-

O obxecto do presente convenio é a colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para o desenvolvemento do proxecto denominado “vacacións en paz”, segundo describeo a ficha técnica que se achega.

Segunda.-

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai conta co recoñecemento do Goberno Saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para elo.

Terceira.-

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai figura inscrita no rexistro galego de organizacións non gubernamentais de axuda ao desenvolvemento que se regula na Orde de 4 de abril de 1994, así como no rexistro de entidades de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Cuarta.-

O Concello de Vigo aporta para a realización deste programa unha cantidade de 22.750.- € correspondentes ao importe dos desprazamentos de 35.- (trinta e cinco) nenos e nenas dende os campamentos de refuxiados de Tindouf (Argelia) a Santiago (ida e volta). Dito gasto farase con cargo á partida 3130.480.00.01 - Axuda ao terceiro mundo -, do vixente presuposto da Área de Benestar Social.

Quinta.-

A vixencia deste convenio prevese para a actividade realizada durante o ano 2008. O presente convenio extinguirase, igualmente, no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Sexta.-

O pagamento da subvención concedida efectuarase polo seu total, unha vez se xustifiquen os gastos realizados e sexan ratificados polo funcionario responsable do programa.

Serán gastos subvencionables os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai comprométese a presentar, antes do 30 de outubro de 2008 e, en ningún caso, con posterioridade xustificación do cumprimento do convenio do rexistro xeral do Concello, con destino ao Departamento de Benestar Social, aportando a conta xustificativa formada pola seguinte documentación:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas.

Xustificación documental dos gastos xerados mediante facturas orixinais conformadas ou fotocopias compulsadas polo importe total da subvención aprobada.

Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade, obxecto do convenio, con indicación do importe e a súa procedencia.

Sétima.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas e interpretacións do convenio, crearáse unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social.

Oitava.-

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai queda obrigada a someterse ás actuacións de comprobación que quera efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai disporá do necesario para subscribir as pólizas de seguros que garanten a cobertura de todos os aspectos da actividade.

Novena.-

O Concello de Vigo velará pola seguridade dos menores na medida das súas posibilidades garantindo o cumprimento dos requisitos de atención aos mesmos.

Para isto, dende o Departamento de Benestar Social, e co fin avaliar a estancia dos rapaces, o Departamento de Benestar Social realizará un seguimento dos acollementos valorando o seu desenvolvemento emitindo, os correspondentes informes de seguimento.

A asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai comprométese a facilitar ao Concello de Vigo, o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.

Décima.-

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaránse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Regulamento do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

Undécima.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da mesma, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que poña de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas

circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Duodécima.-

A lexislación aplicabel é a sinalada no artigo 5 da Lei Xeral de Subvencións, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276 de 18 de novembro de 2003), co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008 e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil oito.

9(1229).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO XI CONCURSO PENINSULAR DE PIANO. EXPTE. 11081/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 16.07.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 30.06.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 10.000 € (dez mil euros) ao Real Club Náutico de Vigo, CIF G36612752, para o financiamento do “XI Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vigo” organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.489.00.04 “RC Náutico, concurso de piano” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo ao Real Club Náutico de Vigo, para o desenvolvemento do “XI Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vigo” axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa ao Real Club Náutico axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento do Concurso de piano promovido polo RC Náutico de Vigo. Ademais, o ser único concurso de piano da cidade e dos poucos que hai en Galicia, que vai incrementando o ámbito territorial dos concursantes, a proxección exterior da actividade cultural viguesa a España e Portugal e a complementariedade da programación cultural do Concello, son elementos que confiren un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concurrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Real Club Náutico de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do “XI Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO “XI CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2008. REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO”

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Francisco José Cobas González, na súa calidade de Presidente do Real Club Náutico de Vigo, CIF G36612752, e con enderezo nas Avenidas s/n, 36202 de Vigo, que no sucesivo se denominará O RC NÁUTICO.

MANIFESTAN

- O RC NÁUTICO inclúe entre os seus obxectivos como Sociedade a promoción de todas aquelas actividades encamiñadas a fomentar a cultura en xeral e a galega en especial; dentro do seu programa para materializar estes obxectivos iniciou en 1997 o desenvolvemento dun concurso de piano destinado a xoves intérpretes.
- O concurso de piano promovido polo RC NÁUTICO que se extendía ao ámbito galego amplíase en 2006 a Galicia e Portugal, pero o nivel progresivo que se alcanza en cada edición leva á entidade organizadora a prolongar a súa proxección para chegar, nesta XI edición, aos xoves intérpretes de España ou Portugal.
- A concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interés público e social do concurso de piano promovido polo RC NÁUTICO e dirixido a xoves intérpretes, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e súa actividade cultural en España e Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.
- D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. Francisco José Cobas González actúa na súa calidade de Presidente electo con data 29 de outubro de 2004, e actúa en virtude dos poderes de representación do Club e de relación coas Administracións que lle outorgan os Estatutos Sociais do RC NÁUTICO.
- A subvención que outorga O CONCELLO ao RC NÁUTICO para o desenvolvemento do “XI Concurso peninsular de piano. Real Club Náutico de Vigo” axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.
- O RC NÁUTICO reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declarando non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, O CONCELLO e O RC NÁUTICO establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada ao RC NÁUTICO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data [REDACTED] con destino ao “XI Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vigo”, destinado a xoves intérpretes de acordo coas bases de convocatoria que realiza o RC NÁUTICO.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 41.700 €. O RC NÁUTICO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 10.000 € (dez mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.04 “RC Náutico, concurso de piano” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 23,98 % do total do presuposto.
- 31.700 € (trinta e un mil setecentos euros) procedentes subvención de outras administracións, achegas de entidades privadas e recursos propios do RC NÁUTICO.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O “IX Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vigo”, realizarase os días 28, 29 e 30 de novembro de 2008 nos salóns do RC NÁUTICO e no Auditorio do Centro Cultural Caixanova.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DO RC NÁUTICO

1. Cumprir o programa obxecto de subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades (XI Concurso peninsular de piano 2008), incluídos os premios.
2. Responsabilizarse da organización integral do XI Concurso peninsular de piano 2008, en particular de elaborar as bases do Concurso (que son as que están incluídas no expediente), de difundilas amplamente, atender as inscricións, conformar o xurado, dispoñer dos locais, etc.
3. Comprometerse, en cumprimento das bases de convocatoria do concurso, á organización de concertos de premiados e á gravación de Cds promocionais, asumindo todos os gastos derivados desa programación posterior ao concurso; incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao XI Concurso peninsular de piano 2008
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima.
5. O RC NÁUTICO comunicará ao CONCELLO as modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citad lei).
6. A concesión da subvención ao RC NÁUTICO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do “IX Concurso peninsular de piano 2008. Real Club Náutico de Vig” e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención ao RC NÁUTICO para o XI Concurso de piano é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que O RC NÁUTICO informará sobre o desenvolvemento da actividade; en particular sobre o calendario de difusión e programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

O RC NÁUTICO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o RC NÁUTICO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

O RC NÁUTICO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión. O anagrama-logotipo da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, en especial onde figuren as referencias ao RC NÁUTICO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

O RC NÁUTICO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

O RC NÁUTICO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Para xestionar o pagamento da subvención concedida polo CONCELLO ao RC NÁUTICO para o XI Concurso peninsular de piano, esta entidade presentará a seguinte documentación antes do 10 de decembro de 2008:

- *Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- *Memoria-avaliación do XI Concurso peninsular de piano 2008, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:*

Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes).

Memoria de prensa.

c) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.

d) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos polo RC Náutico de Vigo para financiar a totalidade do XI Concurso peninsular de piano: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do CONCELLO; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiara demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarse ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiara con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Con cada solicitude de pagamento O RC NÁUTICO acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo os 20 (vinte) exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao XI Concurso peninsular de piano, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas polo RC NÁUTICO para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados.

O RC NÁUTICO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte do RC NÁUTICO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO “XI CONCURSO PENINSULAR DE PIANO 2008. REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO”

PROGRAMA-PRESUPOSTO

INGRESOS				
	Previsión de aprotacións			
	Concello de Vigo	10.000		
	Subv. Dep. Prov. Pontevedra	6.000		
	Consellería Cultura Xunta de Galicia	4.000		
	Caixanova	4.000		
	Empresas colaboradora	8.000		
	Real Club Náutico de Vigo	9.700		
	TOTAL INGRESOS:			41.700
GASTOS				
	Gastos	8.500		
	Premios	8.400		
	Xurados	8.800		
	Publicidade	3.000		
	Trofeos	5.000		
	Atencións	3.000		
	Asistencia técnica	5.000		
	Gastos diversos			
				41.700
	TOTAL GASTOS:			

10(1230).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS. EXPTE. 7924/333.

Examinadas as actuaicóns do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis, para o proxecto de actividades do equipo de elite Xuvenil de teis de Voleibol da categoría 1ª Nacional Feminina pola actividade na tempada 2007/2008.

2º.- Aprobar o gasto de 26.000,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo Xuvenil de Teis, co CIF: G-36713493, con enderezo social na rúa Francisco de Sales , 17, en Vigo, e numero de conta corrente: 2091 0567 78 5500000427. Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.11 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO XUVENIL DE TEIS.

En Vigo, a de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte: D. Francisco Xavier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo.

Doutra parte: José Juan Fernández Iglesias, con D.N.I.: 36057754-X, como representante legal da mesma, con C.I.F. G-36713493, e con domicilio social en Rúa Francisco de Sales, 17, baixo de Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis conta cun equipo Xuvenil de Teis que participa na categoría 1ª Nacional Feminina, e desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo está interesado en colaborar co desenvolvemento do deporte local dentro do marco de actuacións previstas na memoria deste convenio polo cal a colaboración para a promoción do deporte vigués ten no ámbito das entidades deportivas da cidade un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis para o desenvolvemento do proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2007/2008.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases

de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece os principios de publicidade e concorrència dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento aprobado para o exercicio 2008, na partida indicada, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG).

O solicitante debera reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración do Concello de Vigo e a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis para a execución do proxecto de promoción a través do equipo de élite da entidade que participa na categoría 1ª nacional Feminina e de forma xeral non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes da mesma administración e outras administracións o entes públicos ou privados.

Cuarta: A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo a través da promoción do deporte en Vigo a través do equipo de élite e de forma concreta establécense en:

- 1. Utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*
- 2. Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*
- 3. Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*
- 4. Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*
- 5. En todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.*
- 6. Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

Quinta: O Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes comprométese a:

Colaborar coa entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tramitación das necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de élite na cidade de Vigo.

Facilitar as medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, (revista, web, etc).

Aportar a cantidade de 26.000,00 euros (vinte seis mil euros) á entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2007/2008, con cargo á partida 4521.489.00.11 do orzamento vixente.

Sexta: A vixencia deste convenio é pola totalidade da tempada deportiva 2007/2008, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva correspondente, establecéndose como data de referencia para a finalización da tempada o do ultimo partido da competición oficial.

Séptima: A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis presentará unha memoria para a xustificación das actividades realizadas polo equipo de elite en base o proxecto presentado.

- *A aceptación por parte da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis da subvención, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións .*
- *O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso, maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*
- *O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.*
- *A concesión de subvención implica a aceptación por parte da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Oitava: Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis, deberá de adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*
 - a) *Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*
 - b) *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
 - c) *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
 - d) *En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*
 - e) *En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse cos gastos subvencionables realizados (Art. 31.2 Lei 38/2003) e vinculados de forma directa o proxecto subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
 - f) *Declaración actualizada doutras subvencións e/ou axudas solicitadas e/ou recibidas.*
- *En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa á tempada deportiva 2007/2008. Para a xustificación do período comprendido na tempada deportiva, o Técnico da área de deportes no informe adxunto á documentación especificará o período comprendido pola mesma.*
- *O persoal Técnico da Concellería de Deportes será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificacións da mesma mediante a emisión dun informe*

que se incorporará coa conta xustificativa e a documentación presentada no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes. O concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

Décima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima primeira: A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o mesmo fin (programas e actuacións que figuran neste convenio).

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio.

11(1231).- AMPLIACIÓN DO IMPORTE CONSIGNADO PARA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 7688/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 13/03/2008 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2008 (EXPTE 7688-333), autorizando un crédito de 130.000 €, con cargo á partida 4521.489.00.01 “Subvencións eventos deportivos”.

Tendo en conta a necesidade de ampliar a cantidade autorizada inicialmente, solicitouse da Intervención Xeral a realización dunha transferencia de crédito por importe de 120.000 €, que incrementaría o saldo autorizado inicialmente para a partida orzamentaria indicada. Esta transferencia non merma os obxectivos, a misión do Servizo, nin interfere no desenvolvemento da actividade que lle é propia.

Por iso, procede ao abeiro do disposto no artigo 4 das bases reguladoras desta convocatoria específica, propor á Xunta de Goberno Local a ampliación da cantidade inicialmente autorizada pola Xunta de Goberno Local no acordo do pasado 13 de marzo.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

1.- Autorizar a ampliación da cantidade inicialmente consignada para a CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2008, na cantidade de 120.000 €, co fin de atender ás necesidades das entidades deportivas da cidade, en canto á organización de eventos e actividades deportivas para este ano 2008, quedando o total da convocatoria na cantidade de 250.000 €.

2.- O devandito incremento financiarase con cargo á partida 4521.489.00.01 SUBVENCIÓNS EVENTOS DEPORTIVOS, do orzamento de gastos en vigor.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1232).- INDEMNIZACIÓN SUSTITUTIVA A FAVOR DA MERCANTIL SOGAMA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESÍDUOS SÓLIDOS URBANS NO MES DE MAIO 2008. EXPTE. 2239/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 2 de xullo do xefe do Servizo de Limpeza, conformado pola concelleira delegada, así como os informes emitidos polo asesor xurídico da área e máis polo interventor xeral con datas 9 e 14 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da mercantil SOGAMA pola prestación do servizo de xestión dos Residuos Sólidos Urbans na cidade de Vigo no mes de maio do ano 2008.
- 2.- Recoñecer a obriga de pago por importe de 601.776,38€ IVE engadido, correspondente á factura Nº 2008/1763 de data 31/05/2008 presentada pola mercantil SOGAMA no rexistro do Concello de Vigo en data 13/06/2008 con Nº DOC 80075119, correspondente ao mes de maio do ano 2008.

13(1233).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 19.502,67 € A FAVOR DO GRUPO DE ESTUDIOS SOBRE A CONDICIÓN DA MULLER-ALECRÍN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO NO MES DE ABRIL NA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS. EXPTE. 3397/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 07.05.08 da xefa do Servizo de Igualdade coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe do interventor xeral de data 13 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número 11/2008 do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF-G36.633.154, con data de entrada no Rexistro Xeral o día 5 de maio de 2008, por un importe total de 19.502,67€, en concepto de pernoctas e cota fixa resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de abril de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercizo 2008.
- 2º.- Recoñecer a obriga a favor do “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller”, CIF G-36633.154, por un importe total de 19.502,67 €, en concepto de pernoctas e cota fixa e peto resultante da prestación do servizo da casa de acollida e piso tutelado correspondente ao mes de abril de 2008, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercizo 2008.
- 3º.- Aboar ao “Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller-Alecrín”, CIF G 36.633.154, por un importe total de 19.502,67€, con cargo á partida 4632.227.0600 “*Casa de acollida*” do programa orzamentario da Concellería de Igualdade para o exercizo 2008.”

14(1234).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DESENVOLVIDOS NO ANO 2008. EXPTE. 3420/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 22.06.08 da xefa do Servizo de Igualdade conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xuño de 2008 polo que se conceden as subvencións para os programas de promoción da muller da concellería de igualdade desenvolvidos no

ano 2008 no relativo á concesión de axudas á “Asociación de Mulleres Dorna” CIF G36619468, concedendo á devandita entidade unha axuda de 820,78€ para o proxecto “Intercambio con outras asociacións” e 1.641,56€ para o desenvolvemento do proxecto “Ciclo cinematográfico de mulleres”, non variando á axuda total concedida en 2.462,34 €.

15(1235).- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA, DEPENDENTE DO CONCELLO. EXPTE. 3303/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do Servizo de Igualdade de data 23.07.08, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ratificar o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para o mantemento do centro para atención a mulleres vítimas da violencia dependente do Concello que de seguido se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO DE VIGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha banda:

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, representada por Dna. Carme Adán Villamarín, secretaria xeral da Igualdade, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 359/2005, do 18 de agosto, do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (modificados polos Decretos 332/2005, de 18 de agosto, 454/2005, do 1 de setembro e 212/2007, do 8 de novembro), do Decreto 517/2005, de 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao abeiro da Orde do 16 de novembro de 2007 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

O Concello de Vigo representado por Dona Iolanda Veloso Ríos, concelleira da Igualdade do Concello de Vigo, que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercizo das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude, se aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril de servizos sociais.

De entre as áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servizos sociais, segundo o artigo 5.3.e) da antedita lei figura a dirixida á muller.

Segundo.- A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ten asumidas entre as súas competencias, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, segundo o establecido no Decreto 517/2005, do 6 de outubro, a xestión das políticas autonómicas en materia de igualdade de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo igualdade entre mulleres e homes, loita contra a violencia de xénero e calidade da vida persoal e familiar.

Terceiro.- Que no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero regúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

Cuarto.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Quinto.- Que o Concello de Vigo na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, é titular dunha casa de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, centro que cumpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Sexto.- Que en Galicia, segundo a citada Orde de 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros, están actualmente autorizados e funcionando seis centros dependentes de concellos o que dificulta a convocatoria pública para a concesión dunha subvención para tal fin polo que a Secretaría Xeral da Igualdade se puxo en contacto con estas administracións que manifestaron a súa vontade de colaboración, polo que se procedeu á sinatura de convenios de colaboración con cada unha delas para o mantemento dos centros dos que son titulares.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o concello de Vigo para o financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

SEGUNDA. CONTIDO

O concello comprométese a manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

TERCEIRA ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aportará a cantidade de 36.625,50 euros (trinta e seis mil seiscientos vintecinco euros con cincuenta céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.313D.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2008, para os gastos de persoal e correntes efectivamente realizados no exercicio 2008

derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

CUARTA. FORMACIÓN

O persoal do concello que desenvolve as súas funcións con carácter habitual no centro prestando atención ás mulleres participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie a Secretaría Xeral da Igualdade durante a vixencia do convenio.

QUINTA. COMPROMISOS

O Concello comprométese a:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.*
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade.*
- c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.*
- d) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade.*
 - e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- f) Comunicar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración, ente público ou sociedade.*
- g) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.*
- h) Presentar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que indicará, as persoas atendidas, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.*

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento da mencionada cantidade efectuarase do seguinte xeito: ata o 80% da contía total concedida, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados.

Serán medios de xustificación facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo programa das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, deberá presentar certificación xustificativa da finalización das actividades programadas e os documentos xustificativos dos gastos que deberán ser iguais ou superiores á axuda concedida, certificando ademais que estas contías foron destinadas ao fin para o que se outorgaron.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008 e financiará, así mesmo, os gastos realizados no centro dende o 1 de xaneiro de 2008.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e Xunta de Galicia.

NOVENA. MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMA. NATUREZA ADMINISTRATIVA DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da igualdade, que poderá delegar nalgún funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase proceder segundo o disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido na antedita lei.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INCLUSIÓN NO REXISTRO DE AXUDAS, SUBVENCIONS E CONVENIOS.

O Concello de Vigo consinte en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

16(1236).- BAIXA DO VEHÍCULO PATRULLA PO-6904-BL POR SINISTRO. EXPTE. 5982/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 21.07.08, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal o vehículo patrulla PO-6904-BL.

17(1237).- SOLICITUDE DE D^a CARMEN CRESPO VÁZQUEZ DE DESCATALOGACIÓN DE TERREO EN CAMIÑO RIA, S. ANDRES DE COMESAÑA. EXPTE. 18198/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 17.07.08, conformado pola xefa da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro de Promoción Económica, a Xunta de Goberno local acorda:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Dona Carmen Crespo Vázquez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22-10-07, solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do camiño Rial en San Andrés de Comesaña, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como Camiño de Rial R-4 c. rueiro 10170. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Segundo.- Durante a instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 10-12-07.

Informe do Servizo de Vías e obras, de data 19-02-08.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 27-03-08.

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 21-05-08.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, (constando a formulación de alegacións por D. Rafael Recuenco Alonso e Dna. Carmen Crespo Vázquez).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, co número de propiedade 42, como ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño de Rial en San Andrés de Comesaña. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), se ben no caso dos municipios de gran poboación, como é o caso do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno ten competencias na xestión do mesmo.

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as

disposicións legais aplicables non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubidable tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración. Se temos en conta que o ordenamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de Rial en San Andrés de Comesaña é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.j LRBRL.

Polo anteriormente exposto, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Dña. Carmen Crespo Vázquez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 22-10-07 , ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Rial en San Andrés de Comesaña recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos co número de propiedade 42”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1238).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTES DE 56.190,66 € E 56.203,00 € A SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. EXPTE. 2149/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 18.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 21.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Sercoysa Proyectos y Obras S.A. as fianzas de 56203,00 e 56190,66 € constituída para responder das “instalacións de nova rede de abastecementos de augas”, xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

19(1239).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 5.600 € A SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.. EXPTE. 2312/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, do 11.06.08, o informe de Intervención Xeral, do 18.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 21.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Sercoysa Proyectos y Obras S.A. as fianzas de 5600 € constituída para responder das “reparación xeral de beirarrúas”, xa que as obras foron recibidas mediante acta do 28.05.06 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

20(1240).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 4.520,65 A SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.. EXPTE. 2316/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, do 23.05.08, o informe de Intervención Xeral, do 18.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 22.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Sercoysa Proyectos y Obras S.A. as fianzas de 4520,65 € constituída para responder das “supresión de barreiras arquitectónicas”, xa que as obras foron recibidas mediante acta do 15.01.07 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

21(1241).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 2.072 € A CIUDANÍA REDE DE APLICACIÓN S. COOP. EXPTE. 2344/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 18.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 22.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S. Coop., as fianzas de 2072 € constituída para responder da “redacción de plan de normalización lingüística”, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

22(1242).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR IMPORTE DE 1.200 € A IMAXE NOVA DE COMUNICACIÓN, S.L. EXPTE. 2345/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 18.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 22.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Imaxe Nova de Comunicación, S.L., as fianzas de 1.200 € constituída para responder do “deseño da campaña sobre a violencia de xénero”, xa que o servizo foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

23(1243).- GRATIFICACIÓN POR EXCESO DE XORNADA ANUAL Ó PERSOAL DE CEMITERIOS. EXPTE. 18341/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da técnica de Relacións Humans, do 3.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e do concelleiro delegado de Xestión Municipal e co informe do Interventor Xeral, do 22.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de XUÑO-2007, e que ascenden a un total de 634.84 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

24(1244).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE A PERSOAL DESTE CONCELLO. EXPTE. 18343/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da técnica de Relacións Humans, do 9.07.08, co conforme da xefa da Unidade de Persoal e do concelleiro delegado de Xestión Municipal e co informe do Interventor Xeral, do 22.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	RELACIÓN	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	TOTAL
Cemiterios	Xuño 08	De Alfonso Sanmartín Jesús a Vilanova Acuña Delmiro	1.937,49	0,00	1.937,49
Museos	Maio 08	De José Manuel Ogando López a Amantino Fernández Fernández	313,39	0,00	313,39
Museos	Xuño 08	De José Manuel Ogando López a Amantino Fernández Fernández	269,18	0,00	269,18
Cultura	Xaneiro a Xuño 08	Vázquez Martínez Ramón	27,51	0,00	27,51
Conserxería	Maio 08	De Vaqueiro Herbello, M ^a Teresa a Fernández Alonso J. Angel	133,62	7,95	141,57
1 ^a Tenencia Alcaldía	Xuño 08	De Alonso Rodríguez Juan Pablo a Pérez Costas José Luis	322,26	227,90	550,16

SERVICIO	MES	RELACIÓN	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	TOTAL
I.M.D.	Maio 08	De Rey Vazquez Sergio a Rial Estevez Francisco	227,94	0,00	227,94
Bombeiros	Xuño 08	De Abalde Fernandez Carlos a Villaverde Veleiro José B.	20.015,49	17.853,05	37.868,54
Montes, Parques e Xardíns	Xuño 08	De Araujo Conde Fernando a Vidal Alvarez Jose Luis	1.414,80	715,50	2.130,30
Alcaldía	Xuño 08	Basilio Costas Fernández	369,42	79,50	448,92
Alcaldía	Xuño 08	Cesáreo Mauricio Rocha Paramés	145,41	18,55	163,96
Parque Central	Xuño 08	De Aira Pereiro Emilio a Rodriguez Souto Jose Antonio	939,27	763,20	1.702,47
Parque Móbil	Xuño 08	De Alvarez Bernardez Amador a Vulcano Ferreyra J. Genaro	1.485,54	1.513,15	2.998,69
Conserxería	Xuño 08	Francisco Martínez Muñoz	29,48	0,00	29,48
Electromecánicos	Xuño 08	Arias Rodriguez Damaso	62,88	355,10	417,98
Limpeza	Xuño 08	De Hermida Sanmartín Juan Jose a Lojo Pancorbo José Manuel	340,14	787,05	1.101,45
Policia Local	Xuño 08	De Aballe Gonzalez Manuel a Vivero Mijares Juan Guillermo	31.595,39	23.051,53	54.646,92
Policia Local	Xuño 08	De Alonso Moreira Jose Luis a Vivero Mijares Juan Guillermo	2.395,39	551,25	2.946,64
Policia Local	Xuño 08	De Alonso Caride Constante a Vivero Mijares Juan Guillermo	4.841,76	0,00	4.841,76
	TOTAL				112.764,35

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 112.764,35 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

25(1245).- SOLICITUDE DE Dª MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS DE PERMISO SEN SOLDADO POR ASUNTOS PERSOAIS DURANTE UN MES. EXPTE. 18374/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Dª MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS, NIF 36.022.088-V e núm. persoal 19287, delineante ascrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais, durante un mes con efectos a partir do día 5 de agosto de 2008, rematando, polo tanto, o día 3 de setembro do mesmo ano, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.”

26(1246).- NOMEAMENTO CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERIODO DE SEIS MESES DUN OPERADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 18308/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Nomear con carácter interino por acumulación de tarefas, por un período de seis meses, como operador de informática ao aspirante proposto polo Órgano de Selección e que superou tódolos exercicios da oposición:

D. FRANCISCO JAVIER ESPÍÑEIRA ALVAREZ, con DNI 42.829.873-D, que obtivo unha puntuación total de 19,80 puntos.

O aspirante deberá realiza-lo primeiro curso de galego que se convoque pola Administración Autonómica ou órgano competente, de conformidade co previsto na base III das da convocatoria, o non acadar no terceiro exercicio, proba de coñecemento de idioma galego unha puntuación de 1 punto como mínimo.”

O presente acordo notifíquese ao interesado, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e Xefe do Servizo de Informática.”

27(1247).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO ANO 2008. EXPTE. 18028/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta emitido con data 11.07.08 pola técnica de RRHH e máis pola xefa da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a Relación de Postos de Traballo e Instrucións de Plantilla para o exercizo 2008, de conformidade cos informes técnicos e xurídicos da Unidade de persoal obrantes no expediente administrativo nº 18.028/220, así como co informe emitido polo Titular da Asesoría Xurídica Municipal en data 2 de xullo do 2008, aprobando en consecuencia os documentos anexos que forman parte inseparable do presente acordo, no uso das competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo a lexislación vixente, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en cumprimento do previsto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Os postos de traballo que se modifican son os referenciados no informe emitido en data 11 de xullo do 2008 pola técnica de Recursos Humanos e pola xefa da Unidade de Persoal nos termos e condicións do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 20 de decembro do 2007 aprobatoria dos orzamentos Municipais para o exercizo económico 2008, que antecede ao presente acordo.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-

administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

28(1248).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN FESTAS DE SAN ROQUE OS DÍAS 15, 16, 17 E 18 DE AGOSTO DE 2008. EXPTE. 75172/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 30.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DO CONCELLO DE VIGO á ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, na rúa Filipinas, na fronte do muro da propia finca de San Roque e até a rúa Rola e sen que en ningún caso sobrepase a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso cinco metros durante os vindeiros días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2008, podendo iniciar a montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Asimesmo e para os efectos de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa na rúa Filipinas entre a rúa Couto de San Honorato e a Baixada a San Roque.

Deberase sinalizar e balizar o contorno afectado de conformidade coa normativa actual en materia de Tráfico e Seguridade Vial tanto de día como de noite. Así mesmo, deberase dar a suficiente difusión pública das modificacións puntuais do tráfico mediante a publicación do bando correspondente.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, carruseis, tiro o blanco e outras similares.

Axustaranse asimesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 3,30 horas, coas ampliacións previstas na Orde de 16 de xuño de 2005, pola que se determinan os horarios de aperturas e peche dos espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 117, de 20 de xuño de 2005)
- Límite transmisión ruído: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibración, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espazo do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños.

- A ocupación non exterior da finca de San Roque só se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.
- O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente non lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.

29(1249).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN BARRIO DE BOUZAS. FASE I (ALAMEDA DE SUAREZ LLANOS)”. EXPTE. 717/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN BARRIO BOUZAS. FASE I. ALAMEDA SUÁREZ LLANOS.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

30(1250).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “REFORMA DO SANEAMIENTO DA RÚA OLÍMPICOS”. EXPTE. 351//443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 31.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra REFORMA DEL SANEAMIENTO DE LA CALLE OLÍMPICOS.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

31(1251).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “ABASTECIMIENTO DO ALTO DE CABRAL E CANDEÁN”. EXPTE. 760/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 29.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ABASTECIMIENTO DO ALTO DE CABRAL E CANDEÁN. FASE II.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

32(1252).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN ENTRE JENARO DE LA FUENTE E URZAIZ”. EXPTE. 716/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 28.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN ENTRE JENARO DE LA FUENTE E URZAIZ.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria HIDROSCIVIL, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

33(1253).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “RECUPERACIÓN DE MINA DE AUGA E EXECUCIÓN DE SANEAMENTO SEPARATIVO NA RÚA ABANICO”. EXPTE. 444/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 29.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra RECUPERACIÓN DE MINA DE AUGA E EXECUCIÓN DE SANEAMENTO SEPARATIVO NA RÚA ABANICO.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

34(1254).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO”. EXPTE. 752/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 21.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN RÚA ESPERANTO.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria Constructora Galega, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

35(1255).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS”. EXPTE. 742/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

36(1256).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA EUGENIO KRAFF”. 757/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA EUGENIO KRAFF.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ORESA, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a

Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

37(1257).- AUTORIZACIÓN Á EMPRESA BLUGUIA S.L. PARA LEVAR A CABO O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE A TRAVÉS DA GUÍA “VIGO EN GPS”. EXPTE. 2487/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro das Áreas de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, do 29.07.08, conformado polo coordinador xeral da tenencia de Alcaldía, que di o seguinte:

A Concellería de Industria, Comercio e Turismo pretende o posicionamento da cidade de Vigo no mapa nacional e internacional como destino turístico de calidade transmitindo unha imaxe de marca neste sector.

Por este motivo, Turismo de Vigo ven de por en marcha uns novidosos dispositivos de promoción e dinamización turística, empresarial e cultural da cidade entre os turistas e os propios cidadáns, o “VIGO EN GPS”. Estes dispositivos potencian os atractivos da cidade e os recursos da zona, pondo en valor a cultura e a tradición local, dinamizando a hostalería, a gastronomía e o comercio. Ampliarase o coñecemento dos visitantes, narrando historias, curiosidades, lendas ... de monumentos, edificios e puntos de interese, guiando os visitantes a museos, exposicións e todo tipo de eventos que conforman a axenda cultural da cidade.

Esta guía de VIGO EN GPS contén seis rutas da cidade: Vigo completo, Vigo en media xornada, ruta da arquitectura, ruta gastronómica, ruta comercial e ruta dos parques e miradoiros e desenvolve información de puntos de interese da cidade en máis de cen vídeos.

A empresa BLUGUIA S.L., encargada de por en marcha este proxecto, será a responsable de coordinar e xestionar a promoción destes dispositivos nas Oficinas de Información Turística Municipais. Para regular e ordenar o seu funcionamento, a empresa BLUGUIA S.L. contará con persoal propios suficientemente cualificado para desempeñar estas funcións.

Para regular o emprego destes dispositivos por parte dos visitantes a empresa BLUGUIA S.L. propón articular un procedemento no que se recollerán os seguintes termos e condicións:

- 1.- Datos persoais do cliente, sempre maiores de 18 anos.*
- 2.- Relación do material que se entrega e estado do dispositivo.*
- 3.- Número de tarxeta de crédito ou depósito dun documento de identidade válido e en vigor como garantía de que se devolva o aparello.*
- 4.- As condicións de recollida e entrega da guía.*
- 5.- Pago de 4 euros por dispositivos*

A empresa BLUGUIA S.L. terá en conta e cumprirá uns requisitos mínimos necesarios para levar a cabo dita acción nas Oficinas de Información Turística Municipais.:

- 1.- A prestación do servizo non entorpecerá ou menoscabará a utilización do inmovible.*
- 2.- O servizo levarase a cabo coa mellor prestación ó turista, potenciando a imaxe da cidade.*
- 3.- O horario de funcionamento deste servizo no período estival nas Oficinas de Turismo será de 10 a 14 horas pola mañá e de 17 a 20 horas pola tarde.*
- 4.- A empresa BLUGUIA S.L. resolverá os problemas que se deriven do seu normal funcionamento coa maior dilixencia posible.*
- 5.- Os dispositivos conterán información veraz e actualizada sobre a cidade. Asemade, a información debe ser neutral, sen que se difunda ningún tipo de ideoloxía política ou confesión.*

6.- Nos GPS non se fará promoción nin crítica de establecementos hostaleiros da cidade.

Por todo o antedito, propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar a empresa BLUGUIA S.L. para levar a cabo o desenvolvemento do proxecto de dinamización e promoción turística da cidade a través da guía "VIGO EN GPS", de acordo coas características técnicas específicas na memoria adxunta.

2.- Autorizar a empresa BLUGUIA S.L. a utilización dos espazos nas Oficinas de Información Turística Municipais para desenvolver dito proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(1258).- RECURSO REPOSICIÓN CONTRA A OBRIGA DE CONSTITUCIÓN DE EUC POLÍGONO 1 DO PERI II.12 A. FLORIDA B. EXPTE. 4821/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 22.07.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 07.09.1990 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "II-12-A Florida-B". No 07.12.1997 aprobáronse as Bases e Estatutos do Polígono 1 do devandito PERI (BOP núm. 14, do 22/01/1998). No 05/03/1998 constituíuse a Xunta de Compensación (XC) do Polígono, mediante Escritura Pública outorgada ante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 424 do seu protocolo, que foi aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo mediante acordo do 15/05/1998. No 04/04/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do Polígono 1 do PERI "II-12-A FLORIDA B", na súa versión definitiva, redactado polos arquitectos D. Enrique López Santander e D. Teodoro de Francisco Antes (expte. 4245/401)".

O 31.10.02 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono 1 do PERI "II-12-A Florida B", presentado pola Xunta de Compensación, con memoria e planos asinados polos Arquitectos D. Enrique López Santander, e D. Teodoro de Francisco Antes, e polo enxeñeiro D. Alberto Moreno García, visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños no 22/05/2002 (Expte. 4367/401) (...)".

A Xunta de Goberno Local en data 7.04.08 acordou o seguinte: "(...)PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 28.01.08 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 29.02.08, acordar a recepción das obras de urbanización do polígono 1 do PERI II 12 Florida <expte 4774/401>. SEGUNDO: Requerir ós propietarios para que procedan á inmediata constitución da entidade de conservación (...)".

O 14.05.08 don Santiago Castro Paz, como Presidente da Xunta de Compensación do polígono 1 do PERI II-12 A Florida B, presenta recurso de reposición contra o punto segundo do acordo da XGL de data 7.04.08 polo que se acordaba a recepción da urbanización.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Admisibilidade do recurso de reposición presentado o 14.05.08 –doc 80060271-.- Tendo en conta o previsto para o recurso de reposición nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, o recurso é presentado en tempo e forma.

2.- Obxecto do recurso de reposición presentado.- O recurso procura que o Concello deixe sen efecto o requirimento polo cal se instaba á constitución da entidade urbanística de conservación.

3.- *Obrigación de constitución dunha entidade urbanística de conservación.*- A Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece no artigo 110.6 a posibilidade de que o planeamento prevea que a obriga de conservación da urbanización corresponda ós propietarios dos soares ou inmobles resultantes tra-la execución da urbanización. O Plan xeral de ordenación urbana actualmente en vigor está prevista a obriga de constitución de entidades de conservación no artigo 3.2.5.b, remitíndose ó disposto nos artigos 25.3 e 68 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. Sobre a necesidade de conservar as obras de urbanización e a obriga de constituir a entidade de conservación no Concello de Vigo, xa existen numerosos pronunciamentos xurisdiccionais que avalan a legalidade da previsión contida no artigo 3.2.5.b da normativa urbanística actualmente en vigor (Por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 9 de febreiro de 2006 ou a Sentenza do Xulgado número un do contencioso-administrativo de Vigo de 21 de xullo de 2006). Es Doctrina consolidada del Tribunal Supremo la siguiente: "(...) la conservación de las obras de urbanización y el mantenimiento de las dotaciones e instalaciones de los servicios públicos corren a cargo del urbanizador, que tendrá la obligación de conservarlos en perfecto estado hasta el momento de su cesión a la Administración, pero una vez efectuada ésta, la conservación corresponde a aquella, sin que por tanto se extienda más allá del momento de la cesión -art. 67 RGU-Ahora bien, de acuerdo con el artículo 68 de la misma norma, el deber de conservación puede extenderse a época posterior cuando sí se imponga en el Plan de Ordenación o por las bases de un Programa de Actuación urbanística, o resulte expresamente de disposiciones legales, que puede tener lugar, tal como resulta de los artículos 53.2.c) y d) TRLS y 46 b) 3 y 64 c) Reglamento de planeamiento urbanístico, en el supuesto de urbanizaciones de iniciativa particular, en que con carácter incuestionable contractual, debe pactarse a cargo de quién correrá la urbanización, Ayuntamiento, promotores o futuros propietarios de las parcelas (...)" (STS 29.11.93 e STS 15.04.92).

4.- *Sobre as superficies que deben ser obxecto de conservación pola entidade urbanística colaboradora que se constituía para o efecto.*- Tendo en conta o previsto no artigo 3.25.b da normativa urbanística do plan xeral en vigor, unicamente se exclúe do deber de conservación as zonas verdes que teñan a condición de sistema xeral. Examinando o expediente non existe ningunha cesión de espazo libre-zona verde que teña a condición de sistema xeral. Polo tanto, en atención ó proxecto de compensación aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, os ámbitos ou superficies de titularidade pública que deben ser obxecto de conservación son os seguintes:

- Parcela "Zona Verde Alamedas" de 553,87 m2 ubicados en la zona oeste del polígono de la calle Fotógrafo Ángel Llanos.
- Parcela "Libre" de 411,57 de uso y dominio público, destinada a espazo libre.
- Parte da zona deportiva na que se ubica o parque infantil.

Por outra parte, ó existir superficie de terreo de titularidade privada pero cunha servidumbre de uso público de 1.825,50 metros cadrados.

5.- *Obxecto da conservación.*- Do contido do plan xeral de ordenación municipal, das consultas realizadas ós diversos departamentos municipais en situacións similares e das condicións mínimas que deben ter a conservación das zonas de uso público-zonas verdes, tense que informar que a obriga de conservar alcanza ós seguintes deberes:

Con respecto ás zonas verdes de titularidade pública:

- *Traballos de xardinería:* Podas e substitucións (arbolado e plantas), cortes e abonados (césped) e mantemento das instalacións (regos). Comprenderá o mantemento de camiños e paseos incluídos dentro da zona verde. Así mesmo abranguerá os traballos de limpeza dos espazos axardinados.
- *Pintura e traballos de substitucións de fontes, bebederos, xogos infantís, papeleiras e bancos (mobi-liario urbano).* Os materiais de substitución dos anteriores elementos serán por proporcionados polo Concello.

Os terreos de titularidade pública e de cesión de uso de superficie:

- *O deber de conservación alcanza o pavimento, placa de formigón e elemento baixo rasan- te. Así mesmo afectará ós elementos impermeabilizantes e servizos ou redes que discurran sobre rasante, mobiliario (nos mesmos términos que para as zonas verdes de titularidade pública) etc...A conservación corresponderá ós propietarios das parcelas sobre os que está constituída a servidumbre de uso.*

6.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- *De acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, así como o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a resolución do pre- sente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, á vista do informado, proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- *Desestimar o recurso de reposición presentado ó acordo da Xunta de Goberno Local de 7.04.08 polo que se requería á Xunta de Compensación do polígono 1 do PERI II 12 A Florida B.*

2.- *Comunicar a resolución do recurso á Xunta de Compensación, informando que contra o mesmo non cabe re- curso en vía administrativa. Unicamente sería posible a interposición de recurso contencioso-administrativo pe- rante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(1259).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO “POLÍGONO 3 DO PERI IV 01 SAN ROQUE A”. EXPTE. 4719/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 11.07.08, conformado polo director dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (extpe 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario se deu aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: “(...)Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)”.

A Xunta de goberno local o 24.10.05 deu aprobación á constitución da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque.

En data 10.03.08 a Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva ó proxecto de compensación (expte 4783/401).

O mesmo órgano, deu aprobación inicial ó proxecto de urbanización na súa sesión de 26.11.07, co seguinte con- tido: “(...)1 Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do “Polígono III do PERI IV 01 San Roque”, elab- orado polo enxeñeiro de camiños canais e portos don Alberto Moreno García e o arquitecto don José Antonio Comesaña García, con visados de 10.05.06, 2.05.07 e 28.06.07. 2 De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2107/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de informa- ción pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de

servizos públicos e infraestruturas de telecomunicacións. Dese cumprimento o previsto no punto 4º do presente informe (...)"

Consta no expediente certificado do Secretario da XMU de data 22.04.08 no que se constata que non se presentaron alegacións.

Tra-la entrada en vigor do Real decreto legislativo 1/08, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Evaluación do impacto ambiental, solicitouse á Consellería de Medio Ambiente (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental), sobre a procedencia de somento do proxecto de urbanización a avaliación de impacto ambiental.

O 26.06.08 o Director xeral de calidade e avaliación ambiental, dictaminou o seguinte: "(...) tendo en conta que da realización do proxecto non se prevén efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, decide que non é necesario someter ao trámite de avaliación de impacto ambiental ou proxecto obxecto desta Decisión (...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS OU CONSIDERACIÓNS LEGAIS.

1.- Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días.

2.- Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A Xunta de compensación asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia (Doctrina asumida polo propio TS no Auto da Sala de Conflictos de Competencia 19/2003, de 10 de xullo-RX 2003/8843). Para se deberán observar os requisitos de solvencia económica, fincieceira, técnica e profesional, prohibicións de contratar e clasificación necesarias. Recoméndase que a selección do urbanizador se realice baixo a fé pública notarial, a lo menos, a presentación de ofertas, apertura pública das plicas e garantías da integridade da documentación presentada polos licitadores. Os pregos de cláusulas particulares e de prescricións técnicas deberán ser previamente comunicadas ó Concello. Unha vez comunicados o Concello deberá pronunciarse no prazo de quince días. Transcurrido o prazo sen que o Concello se pronunciara expresamente se entenderá que a Administración está conforme cos pregos. Así mesmo, deberá darse conta da adxudicación do contrato de obras.

3.- Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor.. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.

4.- Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74

da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía. Naquel caso que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do presuposto de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización.

5.- Necesidade de comunicación do inicio das obras e sinatura da acta de comprobación de replanteo.- De acordo co acordo da Xunta de Goberno Local de 12.05.08, o inicio das obras será posto en coñecemento do Coordinador de Área de Servizos para efectuar o seguimento destas e coordinador os diversos departamentos municipais que terán competencias unha vez sexan entregadas ao Concello. Con carácter previo ó inicio das obras, deberá asinarse o acta de comprobación do replanteo de acordo co previsto no acordo de 12.05.08, do que se dará traslado xunto co acordo de aprobación definitiva.

6.- Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do “polígono 3, do PERI IV 01 San Roque A” (expte. 4719/401).

2º.- Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos nos termos do punto 5º do presente informe-proposta e o acordo da XGL de data 12.05.08.

3º.- Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1260).- ADHESIÓN DO MODELO XERAL DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO ÁMBITO DO PERI II-05 ROCIO. EXPTE. 4825/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 9.07.08, conformado polo adxunto ó director de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O PERI II-05 «ROCIO», ámbito de planeamento delimitado no vixente PXOU-93, foi aprobado definitivamente en sesión plenaria do 29.10.2001 (exp. nº 5621/411). Este acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 227, do 26.11.2001 e no DOG nº 238 do 11.12.2001. Ademáis, a súa normativa e ordenanzas de aplicación publicáronse no BOP nº 56, do 21.03.2002 (pp.16-19). No dito PERI delimitase todo o ámbito como un único Polígono, a executar mediante o sistema de compensación.

A XC constituíuse en escritura pública de data 10.02.2003 outorgada perante o notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, co núm. 258 do seu protocolo, aprobada posteriormente polo Consello de Xerencia da XMU na súa sesión do 10.04.2003 (exp. nº 4437/401). Constan incorporados á XC a totalidade dos propietarios do ámbito.

Mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 27.05.2003, foi inscrita a XC do PERI II-05 «ROCIO» no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, co núm. 08/03.

O 20.12.04 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación definitiva do proxecto de compensación do PERI II 05 Rocío.

En data 22.05.08 don Juan Ignacio López Espinosa presentou escrito o 22.05.08 (doc 80064139) no que se solicita a admisión a trámite a aplicación ó modelo xeral de estatutos da Entidade Urbanística de Conservación para o ámbito do “PERI II 05 Rocío”. Informan que asinan o documento persoas que son titulares de máis do 70 % das cuotas de participación no polígono.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Aplicación do modelo xeral de Estatutos para a Constitución da Entidade de Conservación.- O artigo 5º do modelo xeral de Estatutos aprobado polo Consello da Xerencia municipal de Urbanismo en data 11.12.03 (expte 4462/401), establece a posibilidade de que os propietarios que representen máis do 70% das cuotas de participación nun polígono, insten a aplicación do modelo xeral de estatutos para a constitución da entidade de conservación. O acordo de aplicación deberá ser notificado a todos os propietarios que consten como tales no expediente do proxecto de compensación.

2.- Necesidade de constitución da Entidade de Conservación e adscripción obrigatoria dos propietarios á Entidade Urbanística de Conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine do vixente plan xeral de ordenación municipal. Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente no artigo, do proxecto de compensación e do resto dos acordos de aplicación dos mesmos.

Por outra parte, a obriga de conservación da urbanización corresponde á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Neste momento, inicia a obriga de conservación por parte da Entidade de Conservación.

3.- Competencia para a adopción do presente acordo.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aplicar ó ámbito do “PERI II 05 Rocío” o modelo de estatutos aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados, requeríndolles para que no prazo dun mes se constituía en escritura pública a Entidade de Conservación.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal desa Entidade de conservación ó Delegado de urbanismo e vivenda, don José Manuel Mariño Mendoza.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ós interesados coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1261).- REMISIÓN DE EXPEDIENTE Ó XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA, PARA A DETERMINACIÓN DA INDEMNIZACIÓN Á ENTIDADE “MARA POIO, S.L. DERIVADA DA EXPROPIACIÓN DA PARCELA “34” DO PERI IV 09 BAIXADA A SAN ROQUE. EXPTE. 192/413.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.07.08, conformado polo adxunto ao director dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entreoutros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirit aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adherían á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollos por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

O 27.02.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do "PERI IV-09 -Baixada de San Roque <relacionadas na parte dispositiva deste Acordo>, con Memoria e Planos redactados polo arquitecto don José M^a Catalán de Lis e o avogado Don Enrique Elosua Viteri. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación no DOG en un xornal dos de maior circulación da Provincia, coa notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)".

No trámite de audiencia dona María Teresa Rodríguez Barros e dona María Josefa Rodríguez Barros presentaron alegación ó acordo de aprobación inicial. Se conclúe o escrito do seguinte xeito: "(...) Que teniendo por presentado este escrito, tenga por vertidas las manifestaciones que contiene y en su virtud se dé traslado del mismo a la Junta de Compensación, y a la vista de las alegaciones se resuelva por el Ayuntamiento la tramitación o suspensión del expediente administrativo correspondiente a la Junta de Compensación del PERI Baixada a San Roque (...)". Acompañábase o escrito dun informe dun xestor inmobiliario no que se aludía que a edificación tiña un baixo comercial de 140 metros, actualmente arrendado a sociedade “Mara Poio, S.L.”.

A Xunta de Goberno local de 31.07.06, adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas (...) rectificar o contido do proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obten-

ción dos bens e dereitos afectados dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do <PERI IV-09 Baixada a San Roque> e consecuentemente proceder á aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por tación conxunta coas modificacións aludidas (...)”. A contestación a alegación presentada foi a seguinte: “(...) 2.1 Parcela 34 Alegación presentada por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (Doc 60041924, 20.03.06).- As cuestións tratadas polas alegantes son as seguintes:

Falla de contestación dun escrito presentado de 6.10.05, no que se poñe de manifesto a súa intención de ser excluída a súa parcela do proceso reparcelatorio. Neste escrito se poñía de manifesto a escasa diferenza de edificabilidade patrimonializada e a que lle poidera ser adxudicada tra-la aprobación do proxecto de compensación, en consecuencia, aprecian unha falla de equilibrio entre beneficios e cargas. Discrepan sobre a ubicación do aproveitamento a adxudicar por estar ubicado sobre un camiño público ó que dan luces e vistas edificacións exteriores ó polígono.- Ó respecto tense que informar que a propiedade das alegantes figura no PXOU-93 incluída no ámbito do PERI IV-09 Baixada a San Roque, aprobado definitivamente o 28.056.04. Non é obxecto do presente expediente apreciar a oportunidade ou legalidade da exclusión da propiedade das alegantes. A necesidade da inclusión da parcela dentro do ámbito do polígono é obxecto de análise do PXOU-93 e do Plan especial de reforma interior IV-09 San Roque. A superficie das alegantes representa unha porcentaxe inferior ó 8% do ámbito, polo que a súa negativa á incorporación á xunta de compensación non impide nin invalida a tramitación do expediente.

Numerosos recursos contenciosos-administrativos pendentes de resolución.- Os recursos interpostos certamente están pendentes de resolución, non obstante, non consta que se acordara a suspensión da tramitación do presente expediente.

Interese en adherirse á Xunta de compensación naquel caso que exista igualdade de trato con respecto ó resto dos propietarios. Así mesmo xustifica un alza na valoración da proposta ata os 540.261,50 €. Achégase un informe dun xestor inmobiliario no que se establece un valor para cada ben afectado sen xustificar o cálculo de acordo ó disposto na Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións. Tampouco en canto á reposición da edificación existente, a aplicación da norma 12 do real decreto 1020/93, de 25 de xuño. Na relación de bens presentada figura unha indemnización por dereitos arrendatarios nun local de planta baixa sen xustificar o cita-do arrendamento nen a actividade exercida no mesmo.

PROPOSTA: Desestimar íntegramente a alegación presentada (...)”.

Unha vez notificado o acordo aludido, dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866) presentaron escrito o 4.09.06. No escrito se conclúe o seguinte: “(...) que teniendo por presentado este escrito tenga por formulado recurso de reposición, incorporándose a la Junta de Compensación tal y como tenemos interesado, y solo a los efectos procesales se tenga por formulada la disconformidad con la valoración efectuada por la administración sobre los bienes de nuestra propiedad (...)”. Achegou novamente copia do informe do xestor inmobiliario que xa aportou no trámite de audiencia.

O escrito foi constestado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11.12.06.

En data 28.06.07 o Xefe da oficina administrativa de actividades informou o seguinte: “(...) En contestación a súa petición de informe en relación co expediente número 192/413, e ao igual que se comunicou a Asesoría Xurídica deste Concello en data pasadas, INFORMOLLE DE QUE: Consultados os arquivos desta Oficina de Licenzas de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo, NON CONSTA NINGUNHA LICENZA DE ACTIVIDADE na parcela 34 –Baixada a San Roque, 59- do PERI IV 09 Baixada a San Roque, Vigo. Por outra banda a única actividade que figura de alta na devandita rúa de Baixada a San Roque relativa a servizos relacionados co automóbil, e no número 2 <venta e exposición de automóviles>, a nome de don Manuel Castro Moldes que conta coa preceptiva licenza de actividade segundo expediente número 19601/422, autorizada polo Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo en data do 7/05/99 (...)”.

O 4.01.07 don Benito José Castro Maceira, en nome e representación da entidade mercantil “Mara Poio, S.L.” no que se solicita o seguinte: “(...) que teniendo por presentado este escrito, se sirva acordar la nulidad del expediente expropiatorio, por ser así de derecho (...)”.

En data 16.01.07 dona María Teresa Rodríguez Barros e dona María José Rodríguez Barros presentan novo escrito.

O 19.03.07 A Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) Inadmitir o recurso presentado por dona María Teresa e María José Rodríguez Barros (16.01.07, doc 70005996), dado que o acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.06 que se recorre é un acto firme en vía administrativa contra o que non cabe ningún tipo de recurso en vía administrativa. 2.- Desestimar o recurso presentado por don Benito José Castro Maceira, en nome e representación de "Mara Poio, S.L.", por entender que no acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.06 non concorre ningún tipo de vicio de nulidade ou anulabilidade. Non obstante, ó abeiro do disposto no artigo 143.9 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ó entender que poidera concorrer un erro non denunciado ou non sinalado no trámite descrito no punto 2º, do artigo 143, procede a apertura dun trámite de audiencia á empresa "Mara Poio, S.L." e ós propietarios do inmovible para que no prazo de quince días xustifique a existencia do arrendamento que fai motivar a súa reclamación (...)"

O 15.05.07 don Fernando Méndez Pérez presentou documentación na que entende acreditado o contrato de arrendamento.

Dada traslado da documentación á Xunta de Compensación, o 15.07.08 presentou proposta de valoración por un importe de 1.533 €.

Paralelamente a entidade "Mara Poio, S.L." interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a Resolución de 19.03.07 da Xunta de Goberno local. O 25.05.07 o Xulgado do contencioso-administrativo número dous de Vigo, resolveu o seguinte: "(...) Que debo desestimar y desestimo la solicitud formulada por José Antonio Fandiño Carnero, en nombre y representación de <Mara Poio, S.L.> de suspensión del expediente expropiatorio, por el sistema de taxación conxunta, de las fincas no incorporadas a la Junta de Compensación del PERI IV Baixada a San Roque (...)"

Da proposta de indemnización elaborada pola Xunta de Compensación, deuse traslado á empresa "Mara Poio, S.L." presentando o 17.04.08 escrito de oposición.

O devandito escrito foi notificado á Xunta de Compensación, presentando contestación o 13.05.08 (doc 80059889).

O Adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo, informou o 4.06.08.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Apertura dunha peza separada para a determinación da indemnización que corresponde a entidade "Mara Poio, S.L.".- De acordo co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.03.07 procedeuse á apertura dunha peza separada para a determinación da indemnización que lle corresponde a "Mara Poio, S.L.". De acordo co previsto no artigo 143 da Lei 9/02, de 30 de decembro, naquel caso que os titulares do dereitos formularsen oposición á valoración darase traslado do expediente da folla de aprecio ó Xurado de expropiación de Galicia.

2.- Dereitos que deben ser obxecto de valoración.- Tendo en conta o informe da propia Xunta de Compensación, a oposición formulada por "Mara Poio, S.L." e o informe do adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión, tense que informar o seguinte:

A superficie do baixo (aceptada por "Mara Poio, S.L.") é de 140 metros cuadrados.

A entidade mercantil entende que se estaba a exercer unha actividade comercial vinculada á actividade principal nun inmovible contiguo. Non obstante, a Xunta de compensación entende que unicamente se trata dun baixo no que gardaban automóbiles. Segundo se constata nos arquivos municipais, non existe constancia da existencia de autorización ou licenza para o exercizo de actividade algunha. Mesmo, dada a data de

formalización do contrato de arrendamento, non sería posible autorizar a actividade pretendida e, naquel remoto suposto, que a obtivera, sempre sería un uso provisional. O uso provisional ten o seu fundamento en non imposibilitar ou perxudicar a execución do planeamento e, polo tanto, en ningún caso sería obxecto de indemnización o cese da actividade tal e como se establecía na normativa anterior e actualmente no artigo 102 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Naquel caso que se indemnizara a unha persoa polo exercizo dunha actividade clandestina, sería primar a aquelas persoas que non solicitan autorización ou licenza de actividade. A maior abundamento, neste caso, si se solicitase licenza de actividade, unicamente sería posible outorgar unha autorización de tipo provisional. Polo tanto, acceder á pretensión de “Mara Poio, S.L.” suporía indemnizar o cese dunha suposta actividade ilegal en maior medida que si a empresa obtivera todos os permisos e autorizacións que resultasen necesarias. Queda acreditado no expediente que non existe unha mínima xustificación de que se estaba a exercer unha actividade diferente que a de gardería ou garaxe de coches. A única actividade comercial se exerce no número dous da rúa Baixada a San Roque e no baixo do número 34 unicamente se utilizaba como garaxe.

Como se poñe de manifesto no expediente, o contrato de arrendamento é de 26.11.01. Tense que informar que o Planeamento Xeral de Ordenación Urbana de Vigo foi aprobado no ano 93 e dentro das súas determinacións remitía a un planeamento de desenvolvemento o PERI IV 09 Baixada a San Roque. O PERI IV 09 Baixada a San Roque tivo aprobación definitiva por acordo plenario de 28.06.04. De acordo co previsto no artigo 117.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o expediente de aprobación do instrumento de equidistribución entenderase iniciado ó aprobarse a delimitación do polígono. No ano 93 xa estaba delimitado o ámbito de desenvolvemento e estaba previsto o seu desenvolvemento como un polígono único. O contrato de arrendamento se formalizou nun momento moi posterior á delimitación do ámbito de xestión por parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Así se pronuncia a propia Xurisprudencia, tal é o caso da STS de 9.04.97 (RX 1997/2649), que conclúe o seguinte: “(...) solamente debe indemnizarse la privación de bienes y derechos que venga impuesta por el planeamiento, no la de aquellos derechos que hayan surgido después de éste, a conciencia, entonces de la precariedad de las relaciones jurídicas (...)”.

Non poden compartirse as pretensións da entidade mercantil “Mara Poio, S.L.” con respecto ós conceptos: “Gastos del nuevo establecimiento, que incluyen honorarios profesionales de los estudios previos de localización, otros estudios de naturaleza técnica y económica”; “Publicidad y lanzamiento”; “Captación y adiestramiento y distribución de personal, ocasionados por motivo del establecimiento”; “Gastos del traslado del material, que incluye valor de las instalaciones no susceptibles de traslado, desmontaje de inmobiliario y demás enseres, carga de enseres, útiles del negocio y elementos recuperables, transporte, descargas, montaje e instalación de elementos recuperables, colocación de enseres y útiles de negocio”; “Gastos de apertura, que incluyen honorarios de arquitecto y arquitecto técnico para las obras de adaptación del nuevo local. Tasas municipales. Licencia de obras. Licencia de apertura”; “Gastos de instalación del nuevo local. Acometida de agua, acometida de energía eléctrica, acometida de gas, salida de humos y gases, instalación de teléfono”; “Gastos de sustitución. Obras de acondicionamiento del nuevo local”; “Indemnización por pérdidas de beneficio. Se computa en función del beneficio anual del negocio trasladado referido a la media de tres años anteriores (...)”. Todos estos gastos son susceptibles de ser rexeitados, por carecer de fundamento legal para a esixencia dun traslado dunha actividade inexistente e que non é susceptible de indemnización polos motivos expostos.

Ao respecto o Adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión informou o seguinte: “(...) En resumen a actividade que se viña realizando no local de planta baixa da finca nº 34 e de que se ten constancia nesta Xerencia é o aluguer do local de 140,00 m2 para garaxe, polo que non se poden aceptar como imputables ó montante da indemnización conceptos tales como honorarios, publicidade, captación e adestramentos de persoal, gastos de traslado, desmontaxe de mobiliario, transporte, descarga, montaxe, gastos de apertura honarios de arquitecto e arquitecto técnico, taxas municipais, licencias de obras e apertura, gastos de instalación tales como acometidas e outros gastos como obras de acondicionamento e pérdidas de beneficios, xa que no citado local non e exercía actividade económica. Non obstante, e dado que a Xunta de Compensación presenta unha valoración compensatoria por valor de 1.533,00 €, proponse estimar a mesma ós efectos indemnizatorios (...)”.

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, proponse o seguinte:

1.- Remitir a peza separada de determinación da indemnización a outorgar á empresa “Mara Poio, S.L.” ó Xurado de expropiación de Galicia para os efectos previstos no artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.- Comunicar a presente resolución ós interesados, informando que contra o presente acordo non cabe interpoñer recurso dado que é un acto de mero trámite ó abeiro do disposto no artigo 107 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1262).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA “UA 1 TOMADA”. EXPTE. 4747/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 11.07.08, conformado polo adxunto ao director dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva ó Estudio de Detalle da “UA 1 Tomada”, correspondente ó expediente tramitado pola Xerencia municipal de urbanismo co número 4407/411.

Según consta no expediente, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo deu aprobación á constitución da Xunta de compensación da “UA 1 Tomada”, presentada por outorgada o 6 de febreiro de 2002 por D.Juan-Tomás Álvarez Rial e outros propietarios, ante o notario de Vigo, D. Jose Luis Lorenzo Arean, ó numero douscentos setenta e cinco do ano 2002 (275.02) do seu protocolo.

No expediente 162/413 se tramitou a expropiación dos terreos non incorporados á Xunta de Compensación.

A Xunta de compensación aprobou inicialmente o proxecto de compensación o 16.03.07. O acordo de aprobación inicial foi publicado o 23.03.07 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, se deu traslado da aprobación inicial a todos os propietarios que figuran no proxecto de compensación.

O 17.12.07 a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: “(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación da <UA 1 Tomada> <expte 4747/401>, tendo en conta a última redacción presentada en novembro de 2007 (...)”.

En data 7.05.08 por parte da Xunta de Compensación, á vista das notas realizadas dende o Rexistro da Propiedade número tres de Vigo, solicita o seguinte: “(...) A la vista de la corrección del documento del proyecto de compensación de la UA Tomada por el Registro de la propiedad número 3, del cual se adjunta copia. Se presenta el documento indicado corregido para su aprobación (...)”.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informou o seguinte: “(...) Á vista do escrito e a documentación presentada, esta oficina técnica informa que o proxecto de compensación da U.A 1 Tomada foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 17 de decembro de 2007. Con data 12 de marzo de 2008 e polo departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo foi entregada a D. Juan Tomás Álvarez Rial en calidade de presidente da Xunta de Compensación da U.A.1 Tomada do certificado da

resolución de aprobación así como dun exemplar do proxecto de compensación para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade e posterior devolución. Solicitadas certas aclaracións por parte do Rexistro da Propiedade ó documento, presentase un texto final coas correccións propostas. O texto definitivo non altera o aproveitamento, nin altera as superficies do ámbito, nin as cesións, corrixindo desaxustes na participación e incluíndo datos de propiedade e correspondencia de fincas entre aportadas e adxudicadas (...)

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Obxecto do presente informe-proposta.*- O escrito remitido dende o Rexistro da propiedade número tres de Vigo, contén diversas obxeccións con carácter previo á inscrición no Rexistro da Propiedade do proxecto de compensación da “UA 1 Tomada”. A maior parte das obxeccións realizadas polo Rexistro da Propiedade tratan de completar a información contida no proxecto de compensación e se realiza un axuste das porcentaxes de asunción de cargas e participación no aproveitamento. De acordo co previsto no artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, as operacións xurídicas complementarias teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatario, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo. As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deben ser aprobadas por el órgano urbanístico actuante.

2.- *Órgano competente para a adopción do presente acordo.*- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA

1.- *Acordar a realización da operación xurídica complementaria do proxecto compensación da “UA 1 Tomada” dando aprobación á documentación técnica presentada o 7.05.08 (versión Maio 2008).*

2.- *Notificar o presente acordo ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(1263).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PERI II 05 ROCIO. EXPTE. 4827/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.07.08, conformado polo director dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 23.05.05 adoptou o seguinte acordo: "(..) Primeiro.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas e polo tanto aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do "PERI II-05-Rocío" (constituído polos planos visados o 26 de febreiro e 17 de decembro de 2004), promovido por don Jose Luis Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do "PERI II-05-Rocío", redactado polo arquitecto don Alberto Cominges Comíns e o enxeñeiro de camiños, portos e canais don Julio Roberes de Cominges. (...)"

O 14.07.08 por informe do Adxunto ó director dos servizos técnicos informa o seguinte: "(...) Con fecha 29/05/08 se presenta documentación solicitando la recepción parcial de las obras de urbanización del PERI II-05 Rocio. El Proyecto de tales obras <Expte. 4487/401> fue aprobado definitivamente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en sesión del 23/05/05. Constan en el expediente de referencia, informes sectoriales favorables tanto de empresas de servicios, como de los distintos departamentos municipales con competencias en la materia (...)"

No expediente constan os seguintes informes:

- Telefónica de España o 13.09.06.
- Montes, Parques e Xardíns de 24.06.08.
- Electromecánicos de 27.06.08.
- Unión Fenosa de 04.07.08.
- Aqualia de 08.07.08.
- Informe de Gas Galicia de 08.07.08
- R Cables y Telecomunicaciones de Galicia de 08.07.08.
- Ofic. de supervisión de proxectos e inspección de obras de 09.07.08.

A oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras propoñe o 10.07.08 a recepción parcial das obras de urbanización aludidas.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 205 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Pública preceptúa que: "(...) El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando éste haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación (...)". Por outra parte, o artigo 218.1 do mesmo texto legal, establece o seguinte: "(...) A la recepción de las obras a su terminación y a los efectos establecidos en el artículo 205.2 concurrirá el responsable del contrato a que se refiere el artículo 41 de esta Ley, si se hubiese nombrado, o un facultativo de ésta, el facultativo encargado de la dirección de las obras y el contratista asistido, si lo estima oportuno, de su facultativo (...)". 3.- El plazo de garantía se establecerá en el pliego de cláusulas administrativas particulares atendiendo a la naturaleza y complejidad de la obra y no podrá ser inferior a un año (...)".

2.- Posibilidade legal de recepción parcial de obras de urbanización incluídas en polígonos.-O art. 123.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), obriga a executa-lo planeamento por polígonos completos. Polo tanto, como norma xeral, a recepción das obras de urbanización nas actuacións sistemáticas debe referirse ó polígono completo, unha vez rematadas na súa totalidade. O regulamento de contratos das Administracións Públicas aprobado por real decreto 1098/2001, prevé a posibilidade de recepción parcial de obras públicas sempre que as mesmas sexan susceptibles de ser entregadas ó uso público de conformidade co artigo 147.5 do real decreto legislativo 2/2000. Este precepto entende posible a recepción parcial de aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato administrativo. Dentro do eido urbanístico o art. 180.2 do Regulamento de Xestión Urbanística prevé a posibilidade dunha recepción parcial cando a área xa urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable e se teña producido respecto da mesma a recepción definitiva por parte da Xunta de Compensación. O regulamento de planeamento aprobado por real decreto 2159/78, de 23 de xuño, dentro das determinacións dos plans parciais a previsión de establecer un plan de etapas para a execución das obras de urbanización ou/e edificación (artigo 45). Neste plan de etapas debería xustificarse a coherencia coas restantes determinacións do Plan, o desenvolvemento no tempo da edificación prevista e as súas dotacións e dos elementos que componen as redes de servizos (artigo 54.1 do rd 2159/78). En cada etapa debería preverse o seguinte: duración, obras de urbanización correspondentes, posta en servizo de reservas de solo correspondentes a equipamentos, determinación de niveis de servizos de abastecemento de auga, evacuación e subministro de enerxía eléctrica para que poidan ser utilizados os terreos que se urbanicen sucesivamente. Consta no expediente informe do adxunto ó director dos servizos técnicos no que se conclúe que a obra a recibir é susceptible de ser entregada ó uso público. Non obstante, non se pronuncia no informe si se trata dunha unidade funcional directamente utilizable por ter un nivel suficiente de reserva de terreos para destinalos a equipamento. Consta a existencia dos servizos urbanísticos esixibles, non obstante, se deduce do informe que ten un nivel axeitado de abastecemento e evacuación de auga e subministro de enerxía eléctrica.

3.- Posibilidade legal da execución simultánea da edificación e a urbanización.-Alterando a orde lóxica da execución do planeamento, o regulamento de xestión urbanística aprobado por RD 3288/78, de 25 de agosto, permite a execución simultánea da edificación e a urbanización. Esta posibilidade regulamentaria queda matizada dende o punto de vista do previsto no apartado 2º do artigo 41. En concreto, o artigo 41.2 do RD 3288/78, de 25 de agosto, impide o outorgamento da autorización da ocupación dos edificios ata que non sexa realizada totalmente a urbanización que afecte a ditos edificios e estén en condicións de funcionamento os servizos de subministración de auga e enerxía e enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros. Na tramitación de plans parciais e proxectos de urbanización se debe prever a posibilidade de executar a urbanización por fases, acreditando as circunstancias previstas nos puntos anteriores.

Polo tanto, á vista dos antecedentes, dende o punto de vista xurídico tense que informar o seguinte:

- Non existe precepto legal que permita a recepción parcial de urbanización salvo que a mesma esté prevista no documento do planeamento de desenvolvemento. Se deduce do informe do adxunto ó director dos servizos técnicos que non existe determinación algunha no documento do plan parcial nin do propio proxecto de urbanización ó respecto. No mesmo se ha de precisar necesariamente que a recepción da urbanización permite ós futuros moradores disfrutar dun nivel suficiente de reserva de terreos para equipamento, un axeitado nivel de servizo de abastecemento de auga, evacuación e subministro de enerxía eléctrica etc... A existencia de tal nivel de equipamento e servizos significaría que se trata dunha unidade funcional directamente utilizable. Dos informes técnicos se deduce que existe tal nivel de equipamento e servizos.
- A recepción das obras de urbanización dun polígono ou de calquera obra pública é unha decisión puramente técnica. Como quedou posto de manifesto en anteriores informes, as normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Unicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 218 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.
- Naquel caso que o órgano competente aprecie a necesidade de recibir parcialmente a urbanización, necesariamente deberá estar condicionada o cumprimento dos seguintes extremos:
 - * A presente recepción parcial non habilitará a disolución da "Xunta de compensación do PERI II 05 Rocío".
 - * O presente acordo non é título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.
 - * Esta recepción non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización.
 - * Tampouco será título para a devolución dos avais presentados. Con ocasión da recepción total, se comprobará de novo o estado da parte que se propoñe para a súa recepción. Naquel caso de que se observen deficiencias na mesma derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, se requerirá a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia a recibir, seguirá sendo responsabilidade da Xunta de compensación.

En conclusión, dadas as observacións realizadas no presente informe, dende o punto de vista unicamente xurídico, de acordo co establecido no artigo 172 do real decreto 2568/86, de 28 de novembro, a proposta de recepción parcial das obras de urbanización do "PERI II 05 Rocío" é realizada polo propio director dos servizos técnicos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1264).- CESIÓN ANTICIPADA DE TERREOS NA RÚA PORTELA 50.EXPTE. 4829/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 18.07.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O 18.06.08 o Concelleiro delegado da área de distritos dirixiu escrito a dona Isabel Aguiar e Don Miguel Álvarez Argibay, no que se propoñía o seguinte: "(...) A cesión anticipada dunha porción de terreo da súa propiedade de 44 metros cuadrados. A devandita cesión quedaría condicionada ó recoñecemento da superficie ós efectos urbanísticos. Solicítase expresamente a posta a disposición dos terreos no momento da aceptación desta proposta. Como compensación ó acto de liberalidade, o Concello se compromete a xestionar a construción do novo muro de peche da gardería. Así mesmo o Concello se comprometería a redactar o correspondente proxecto de obras ordinarias que permita axustar as aliñacións fixadas no PXOM, os lindes da parcela que alberga o Pavillón dos Deportes nos frentes coa rúa Portela e Pateira, a fin de dar continuidade ás obras que aquí se tratan e que son a prolongación das que se levan a cabo en relación coas cesións derivadas das licenzas 39.330/421, 39.331/421 e 39.332/421 (...)"

En data 24.06.08 dona María Isabel Aguiar Álvarez e don Miguel Álvarez Argibay presentan escrito de aceptación da proposta. Aportan escritura pública de compravenda outorgada o 1.05.01 ante o Notario don Jose Antonio Somoza Sánchez (protocolo número 1313).

O 25.06.08 o adxunto ó director dos servizos técnicos informou sobre o particular.

Consta levantamento topográfico da zona de cesión anticipada asinado en xuño do 2008.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Facultade da Entidade local para a adquisición de bens inmobles.- Según o artigo 15 da Lei 33/03, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as Entidades locais poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico.

2.- Natureza do contrato a subscribir entre o Concello de Vigo e dona Isabel Aguiar Álvarez e don Miguel Álvarez Argibay.- O apartado c do artigo 15 da Lei 33/03 prevé a posibilidade de que as Administracións Públicas adquiriran bens por donación. O propio regulamento de bens das Corporacións Locais, no artigo 12 prevé a adquisición a título oneroso. O contrato de donación ven disposto nos artigos 618 e seguintes do Código Civil, e se define como un acto de liberalidade polo cal a persoa dispoñe gratuitamente dunha cousa a favor de outra que a acepta. No escrito presentado por dona Isabel Aguiar Álvarez e don Miguel Álvarez Argibay, condiciona ao recoñecemento de efectos urbanísticos e a construción dun muro de cierre na gardería. Según se deduce no informe técnico a construción do muro non acarrea ningún coste para o Concello. Con respecto ó recoñecemento ó donante das condicións urbanísticas é posible é unha práctica habitual no Concello para a adquisición de terreos para a ampliación das rúas. Con ocasión da solicitude de licenza urbanística se deberá achegar copia do acordo que se adopte.

3.- Necesidade de que a donación sexa formalizada en escritura pública.- O artigo 633 do Código civil esixe que as donacións de consas inmobles deban facerse en escritura pública, expresándose nela individualizadamente os bens donados e o valor das cargas que deba satisfacerse. Trátase un requisito de carácter ad solemnitatem, así calificado pola Doctrina, en concreto pola STS de 13 de maio de 1963 (RJ 1963/2515), na que se mantén que as donacións de bens inmobles non documentadas en escritura pública son nulas de pleno dereito. Engade dita Xurisprudencia que as donacións non poden prevalecer polo transcurso do tempo, nen poden constituir xusto título para a prescripción adquisitiva, como tampouco a posesión adquirida pola donación non legalmente formalizada pode considerarse posesión a título de dono ós efectos de server de título para adquirir o dominio (447 Cc) ou usucapir (1941 Cc). No mesmo sentido se pronuncia a STS de 25 de xuño de 1966 (RJ 1966, 3550). A mesma deberá ser debidamente inventariada e inscrita no Rexistro da Propiedade. Os donantes

xustifica a súa propiedade por medio dunha copia da escritura pública de compravenda, non obstante no momento de formalización da donación deberá achegarse información rexistral.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos, se propón o seguinte:

1.- Aceptar a donación de 44 metros cuadrados sitos na rúa Portela número 50 ofrecido por dona María Isabel Aguiar Álvarez e don Miguel Álvarez Argibay, asumindo a condición imposta no que respecta ó recoñecemento da superficie aos efectos urbanísticos que prevea o planeamento.

2.- Dar conta da presente resolución ó departamento de vías e obras e patrimonio.

3.- Formalizar en escritura pública.

4.- Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. No que respecta ós efectos civís do presente acordo, se poderá interpoñer reclamación previa perante a presente Administración segundo o artigo 120 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(1265).- CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA REALIZACIÓN DUNHA ORTOFOTOGRAFÍA AÉREA. EXPTE. 3179/407.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do director dos Servizos Centrais, do 19.07.08, co conforme do delegado de Urbanismo da mesma data, do 30.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar o contrato de servizo de realización dunha ortofotografía aérea do termo municipal de Vigo á empresa “TOPONORT, SA”, polo prezo de 25.800 euros máis IVE (29.928 euros en total) e un prazo de execución máximo de catro meses”.

46(1266).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ROGINA INSTALACIONES S.L, POR IMPORTE DE 30.000€, POLA OCUPACIÓN DUN VALADO DE OBRA E ANDAMIO NA R/ GARCÍA BARBÓN, 4 E ISABEL II. EXPTE. 55871/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.07.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 22 de abril de 2005, autorizouse a ROGINA INSTALACIONES, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de obra e andamio (con paso protexido para peóns) con número de expediente 44474/250, cunha ocupación de 105,50 m² na r/ García Barbón, 4 e Isabel II, para construción de edificio, constituindo unha fianza de 30.000 € (trinta mil euros), con número de operación 200500018720 de data 22/04/2005, para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar no pavimento, beirarrúas, etc, así como a custodia e posterior colocación dos (11) bolaros, unha vez rematada a obra e retirada a ocupación da vía pública.

O 11/3/08 solicítase a baixa da ocupación da vía pública con nº de documento 80031194, indicando o inspector de Vías e Obras no seu informe de data 13/3/08 que o valado foi retirado e o pavimento estase a tratar con OS-PIO a maneira de como debe ser repostado.

Solicitada a devolución da fianza con data 22/04/2008 e número de documento 80049105, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 17 de xullo de 2008, indícase que o valado e o andamio foron retirados e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 30.000 € (trinta mil euros), a favor de *ROGINA INSTALACIONES, S.L.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

47(1267).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS NA PRIMEIRA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NO PEPRI BOUZAS. EXPTE. 4204/207.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta da responsable do Servizo de Patrimonio Histórico, do 14.07.2008, conformado pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico e co Intervido e Conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008, as seguintes axudas aos solicitantes da Primeira resolución da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
4401-307	Comunidade propietarios H27712132	Cruceiro Vello 2	18.000
4402-307	Comunidade de propietarios H27702141	Tomás A. Alonso 192	6.000
4404-307	Dna. Consuelo Alonso Román 35939002F	Martín Alonso Pinzón 11	5.300
4405-307	D. Fernando D. Pérez García 36014158E	Pazo 13	29.300

4406-307	Dna. Teresa Castro Falque 35851419P	Covadonga 46	5.800
4407-307	Comunidade propietarios H36727675	Alameda Suárez Llanos 11	17.000
4465-307	D. Antonio Ruíz Franco 35926768D	Casiano Martínez 1	2.600

2º.- A proposta da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, deixar pendentes de aprobación para a Segunda resolución da convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008, as seguintes axudas:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada
4403-307	Dna. Ana M. González González 35981250G	Ferreiros 14/Ramón Antonio Álvarez 5
4409-307	Comunidade propietarios H36836708	Casiano Martínez 14

3º.- A proposta motivada da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo do 03/07/2008, **denegar a concesión da axuda** seguinte, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo para o que se solicitou a axuda
4408-307	Dna. M. de los Ángeles Álvarez Filgueira 35950509Z	Tomás A. Alonso 208

4º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo. Na notificación que se practique aos interesados ós que se lle concedeu a subvención, lembraráselles o disposto no apartado 6. da Base 18 das da convocatoria, nos seguintes termos: “O acordo de aprobación non crea dereito ningún fronte á Administración a favor do/a beneficiario/a proposto, mentres non se finalicen as obras, se xustifique o gasto e se informe favorablemente a actuación levada a cabo”.

5º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado 5. da Base 18 das da convocatoria.

48(1268).- CONCESIÓN OU DENEGACIÓN DAS BOLSAS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS. CONVOCATORIA 2008. EXPTE.9794/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Educación de data 31.07.08, coa conformidade da concelleira delegada e máis do interventor accidental, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Conceder as 100 Bolsas dotadas con 2.000 € cada una de elas do Programa Educativo Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa 2008, aos seguintes alumnos/as:

BOLSAS CONCEDIDAS

Expte	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTOS	ESTADO	CENTRO	DESTINO
9793	53196247F	Rodríguez	Fernández	Berta	2	CONCEDIDA	CPI Celso E. Ferreiro	Irlanda
9758	39486419L	Ferreiro	Ojeda	Allende	1	CONCEDIDA	CPI Celso E. Ferreiro	Irlanda
9802	53819806J	Pilot	Combarro	Daniel B.	5	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9792	53193940T	Rodríguez	Calvo	Joaquón	5	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9803	53191783M	García	Veloso	César	4	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9806	53198019P	Domínguez	Freitas	Lorena	4	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9807	53183487N	Fernández	Freire	Jorge	4	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9809	53194857C	Álvarez	Corral	Andrea	3	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9767	53189065R	Jorge	Martínez	Rafael	3	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9787	35583253E	Cerqueira	Santos	Sara	3	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9810	53189103X	Domingues	Rodrigues	Adrián	2	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9777	X6066618T	Retamozo		Priscila T.	2	CONCEDIDA	IES Alexandre Bóveda	Irlanda
9763	53191754E	Campaña	Castro	Daniel	4	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9781	36044545A	Zalvide	Rodríguez	Carmen	4	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9813	53193085L	Comesaña	Chavert	Adrián	4	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9746	53194596N	González	Fernández	Rocío	2	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9778	39453809T	Amez	Segovia	Martín	2	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9816	39461990Q	Sancho	Sanz	Hugo	1	CONCEDIDA	IES Álvaro Cunqueiro	Irlanda
9818	53190371L	Alves	Costas	Martin	3	CONCEDIDA	IES Carlos Casares	Irlanda
9820	53193486X	Carrera	Suárez	Laura	3	CONCEDIDA	IES Carlos Casares	Irlanda
9821	53188889D	Madarnás	López	Jordi	2	CONCEDIDA	IES Carlos Casares	Irlanda
9789	39454154T	Quintas	Ruíz	Ana	2	CONCEDIDA	IES Carlos Casares	Irlanda
9822	AB906574L	Pousada	Fonseca	Álvaro Bnto.	1	CONCEDIDA	IES Carlos Casares	Irlanda

BOLSAS CONCEDIDAS

Expte	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTOS	ESTADO	CENTRO	DESTINO
9823	53196911G	Vila	González	Daniel	4	CONCEDIDA	IES Castelao	Irlanda
9825	39488625V	Sánchez	Pérez	Martín	4	CONCEDIDA	IES Castelao	Irlanda
9743	53817304H	Fortes	Suárez	Yara	3	CONCEDIDA	IES Castelao	Irlanda
9764	53172984C	Álvarez	Fernández	Carmen Mª	1	CONCEDIDA	IES Castelao	Irlanda
9827	39465697C	Las Heras	Miralles	Henar	7	CONCEDIDA	IES Coruxo	Irlanda
9828	39486722T	Herrero	Presa	Paula	6	CONCEDIDA	IES Coruxo	Irlanda
9783	53191660C	Alonso	Mariño	Efrén	5	CONCEDIDA	IES Coruxo	Irlanda
9830	53199501H	Rodríguez	Durán	Jorge	4	CONCEDIDA	IES Coruxo	Irlanda
9741	53196124E	Meygide	Penedo	Santiago	2	CONCEDIDA	IES Coruxo	Irlanda
9831	53199048W	Comesaña	Almuiña	María	5	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9832	3946846P	Hernández	Crespo	Alba María	5	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9773	53193065E	Bolas	Lago	Santiago	4	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9751	53187157W	Posada	Areal	Almudena	3	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9834	39464679Z	Fernández	Abalde	Sara	3	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9790	53190146R	Porto	Caride	Adrián	2	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9839	36170097K	Vila	Suárez	Rubén	1	CONCEDIDA	IES de Beade	R.U.
9840	53184430N	Vela	Durán	Alejandra	1	CONCEDIDA	IES de Teis	R.U.
9780	53819959M	López	Domínguez	Pedro	6	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9842	53179031H	Luaces	Rodríguez	Andrea	5	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9843	53199948M	Segura	Diéguez	Laura	4	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9772	53197358Z	Rodríguez	Cruz	Álvaro	4	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9760	53194133D	Caramés	Suárez	Ana	3	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9846	53183113Y	Díaz del Río	Reigosa	Daniel Ale- jo	3	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9749	53183801G	Rodríguez	Otero	Carmela	3	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9759	53197868H	Fernández	Eiro	Antía	3	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9849	53818914H	Rocha	Táboas	Celia	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9738	53199528E	Paradell	Gil	Teresa	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9850	39452989P	Álvarez	Castro	Mª Eugenia	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9762	53183699V	Ribera	Sánchez	Ana	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9771	39465856H	Sieiro	Alfonsín	María	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9757	39459355A	Lorenzo	Gándara	Manuel	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9851	39469543W	González	Centeno	María	2	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9775	39464354B	Gallego	Suárez	Juan	1	CONCEDIDA	IES do Castro	Irlanda
9740	53198319D	Loureiro	López	Paula	2	CONCEDIDA	IES Politécnico	R.U.
9755	39451961S	Dagraza	Valverde	Valeria	1	CONCEDIDA	IES Ricardo Mella	R.U.
9852	39450960A	García	Fernández	Pablo	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9853	39468883D	Matala	Ahmed	Bakai	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9795	39467387P	Reboiras	Trincado	Artur	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9796	39463503B	Bouzada	Novoa	Amanda Mª	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9765	39466316H	Pereira	Iglesias	Sara	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9774	39465888G	Sanuy	Garabatos	Elena	5	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9797	39486332R	Azaustre	Lago	Antonio	4	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9769	39487860B	Alonso	Sánchez	Carmen	3	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9798	39486441H	Lago	Pazos	Xabier	3	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9799	39458608S	Fernández	Novo	Yago	2	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.
9800	39468439W	Castelao	Martínez	Andrés V.	2	CONCEDIDA	IES Rosais 2	R.U.

BOLSAS CONCEDIDAS

Expte	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTOS	ESTADO	CENTRO	DESTINO
9745	39460642W	López	Villar	Rebeca	4	CONCEDIDA	IES ROU	Irlanda
9761	39469592M	Rodríguez	Rodríguez	Antía	3	CONCEDIDA	IES ROU	Irlanda
9801	39466031D	Abad	De Larriva	Juan	3	CONCEDIDA	IES ROU	Irlanda
9785	39459199P	Caballero	Iglesias	Carla	2	CONCEDIDA	IES ROU	Irlanda
9766	39469023B	Arias	Conde	Brais	5	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9804	53181598D	Pérez	Potti	Antía	5	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9805	39458234D	Novais	Nieto	Pablo	5	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9808	39457943V	Aguirre	Álvarez	Marina	5	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9752	39464184W	Torrens	Chamosa	Lucía	5	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9770	53819267A	Casas	Pérez	Cristina	4	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9748	39462638C	Urbina	Anguiano	Omar Alb-to.	3	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9811	39487115W	Patíño	Casas	Carolina	3	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9812	36167606Z	Cabaleiro	Crespo	Inmaculada	3	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9814	39465878V	Vallejo	López	Olga	3	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9779	39487361H	Miranda	Fernández	Manuel	2	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9815	35191013V	Pérez	Iglesias	Cristina	2	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9756	39485618T	Solveira	Fernández	Héctor	1	CONCEDIDA	IES Sto Tomé Freixeiro	R.U.
9817	53189521C	Gándara	Guerra	Nerea	5	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9819	53199318L	Domínguez	De Dios	Julia	5	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9737	53818818Z	Gil	Fandiño	Lucía	5	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9829	53818817J	Gil	Fandiño	Carlos	4	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9824	53817725W	Álvarez	López	Eva	3	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9826	53190087B	Morandeira	Conde	Lois	3	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9754	X3212755T	Boscetti	Pacheco	Giannina F.	2	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9747	53817474G	Moldes	Vázquez	Sabela	2	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9753	53189362E	González	López	Raquel	2	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9786	53819561K	Rodríguez	Ramos	Carla	2	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9833	53187758M	Salas	Quintas	Nuria	1	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9835	53817128A	Bastos	Pereira	Pablo Bernal	1	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9836	53181485B	Domínguez	De la iglesia	Efren	1	CONCEDIDA	IES Santa Irene	R.U.
9837	39454927Z	Ruanova	Álvarez	Nerea	2	CONCEDIDA	IES Valadares	R.U.

2.- Denegar as bolsas solicitadas polos seguintes alumnos/as por non cumprir o requisito recollido no apartado a) do punto cuarto da convocatoria de Bolsas PILI 2008: “*ter cursado 3º da ESO nun centro público do Concello de Vigo durante o curso académico 2007/08*”.

BOLSAS DENEGADAS

Expte	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTOS	ESTADO	CENTRO
9742	53197850T	Domínguez	Núñez	Antía	0	DENEGADA	Colexio Alborada
9768	39469976K	Fariña	Alonso	Luis	0	DENEGADA	Colexio Marista El Pilar
9791	39462477C	Rodas	López	Daniel	0	DENEGADA	Colexio Andersen

3.- Incluir na lista de agarda aos seguintes alumnos/as, que pasarán ter a consideración de beneficiarios das bolsas na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os beneficiarios indicados no primeiro listado (Anexo I da Acta da Comisión de valoración), de conformidade coa orde aquí indicada:

BOLSAS EN LISTA DE AGARDA

Expte	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTOS	ESTADO	CENTRO
9838	39485251R	García	Sánchez	Uxía	1	RESERVA	IES A Guía
9841	53196470T	González	Araújo	Aida	1	RESERVA	IES Sto Tomé Freixeiro
9784	53817298N	González	González	Estéfano	1	RESERVA	IES do Castro
9844	53191897G	Groba	Hervello	Nerea	1	RESERVA	IES do Castro
9845	39460156E	Lago	Riádigos	Alba	1	RESERVA	IES do Castro
9788	53177431M	Ledo	Rodríguez	Alba	1	RESERVA	IES Alexandre Bóveda
9776	53198726W	Martínez	Gándara	Javier	1	RESERVA	IES Carlos Casares
9847	39466781T	Novoa	Pérez	Fiz	1	RESERVA	IES Castelao
9848	53820018H	Pena	Castiñeira	Jaime	1	RESERVA	IES do Castro
9782	36169426V	Penedo	Rojo	Antía	1	RESERVA	IES Castelao
9750	36167437Y	Pérez	del Río	Uxía	1	RESERVA	IES ROU

49(1269).- CONTRATACIÓN URGENTE DO SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA DOTACIÓN DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33686/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe-proposta do xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Declarar la tramitación urxente do subministro dun furgón de Atestados e dous turismos para a prestación dos servizos de vixiancia e seguridade pola Policía Local e que se tramite polo procedemento negociado sen publicidade, cos efectos previstos na lexislación vixente.

50(1270).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO DE GUÍAS INTERACTIVAS “VIGO EN GPS”. EXPTE. 2499/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 1 de agosto do coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, coa conformidade do Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar expresamente todas as condicións e requisitos establecidos na devandita convocatoria de subvencións destinadas aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa *Concellos Dixitais 2008–2009*, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plano Avanza (código procedemento IN516B)

Segundo.- Remitir á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a solicitude segundo modelo normalizado, xunto coa demais documentación necesaria sobre o proxecto Guía interactiva “Vigo en GPS” para os efectos oportunos.

51(1271).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE E INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA “CASTRO CATIVO” 2008. EXPTE. 2755/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expedientes, vista a proposta da Mesa de Contratación en sesión do 31 de xullo, coa conformidade do interventor xeral e máis co selo da fiscalización, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a contratación do servizo de montaxe e instalación de infraestructuras e de desenvolvemento de actividades do programa Castro Cativo, a favor de “Prime Time, Organización de Eventos y Publicidad, S.L.” (CIF: B27706258), polo prezo de 53.849,52 euros.

52(1272).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN PARA AS FESTAS DO VERÁN 2008. EXPTE. 2752/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expedientes, vista a proposta da Mesa de Contratación en sesión do 30 de xullo, coa conformidade do interventor xeral e máis co selo da fiscalización, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato para a contratación da produción da publicidade para as festas do verán a favor de “Anónimo Publicidade S.L.” (CIF: B36721900), polo prezo de 59.983,83 euros.

53(1273).- RENUNCIA VOLUNTARIA FORMULADA POLA AUXILIAR ADMINISTRATIVA ASPIRANTE Dª MONTSERRAT GONZALEZ PEREZ E FORMALIZAR UN NOVO CONTRATO PARA A ASPIRANTE Dª MARIA EMILIA GONZALEZ RODRIGUEZ. EXPTE. 28160/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta do xefe da Área de Acción Social, do 31.07.08, co conforme do Concelleiro Delgado de Benestar Social, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Acepta-la renuncia voluntaria, formulada pola auxiliar administrativa aspirante D^a. Montserrat González Pérez, DNI. 76.826.613-N, segundo escrito de data 24 de xullo de 2008.

Segundo.- Formalizar un contrato laboral temporal de Auxiliar Administrativa baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado a xornada completa, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a), lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre o cinco de agosto e o trinta e un de decembro de 2008 (data na que remata a vixencia do convenio asinado entre o Concello de Vigo a a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2007), coa aspirante D^a. MARÍA EMILIA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, DNI 36.068.508-T, candidata que superou tódolos exercicios da selección de persoal laboral temporal convocada para a contratación do Equipo de Inclusión Socio-Laboral tal e como se recolle no acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de xuño de 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 3 de marzo anterior:

Terceiro.- Percibirá como retribucións as establecidas para o persoal laboral do Concello, neste caso as dunha auxiliar administrativo da Relación de Postos de Traballo vixente.

Cuarto.- Pola Unidade de Persoal, formalizarase o contrato de traballo, alta na seguridade social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.”

54(1274).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN MENELA PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE "RESPIRO FAMILIAR". EXPTE.33641/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social responsable do programa, de data 07.07.08, conformado polo xefe de área de Xestión Social e máis a concelleira delegada, co selo do "Intervido e conforme" do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Menela, con CIF: G36685964, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade. A vixencia do convenio será ata o 31/12/2008, co texto que se transcribe ó final deste acordo

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 13.000,00€, con cargo á partida 3130.4890009 do ano 2008 “Convenio Fundación Menela”

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN “MENELA”

Vigo, ____ de _____ de 2008

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra:

Don Cipriano Luís Jiménez Casas con DNI 35195099-Q, en calidade de Secretario da Fundación Menela con enderezo a efectos de notificación Marqués de Alcedo, nº 19, C.P. 36203 Vigo, e co teléfono 902.505.508, en representación desta.

Ámbalas partes recoñécense mutua capacidade para formalizar o presente convenio e,

MANIFESTAN

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo o [Decreto 240/1995 do 28 de xullo](#) polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención, entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade.

Que a Fundación Menela ten por obxectivo fomentar e prestar todo tipo de axudas ao estudo, investigación, promoción e asistencia nos seus aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufran enfermidade ou marxinación social, especialmente aos enfermos ou persoas con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando desta forma mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellorar o seu entorno social e familiar e fomentar accións de cara á atención destas persoas por calquera institución e organismo público ou privado.

Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

Segundo o exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxectivo:

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre a Concellería de Benestar Social e a Fundación Menela para o financiamento do programa de "Respiro Familiar" dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade.

Segunda.- Finalidade:

A finalidade deste convenio é a realización dun programa de "Respiro Familiar" que consiste nun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade, que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc.

O programa comprende estanzas de curta duración, que poden ser como mínimo de un día ata un máximo de tres preferentemente na fin de semana; os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de seis días. O número máximo de usuarios por estanza é de catro persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, podendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

Poderán beneficiarse do programa de respiro familiar persoas con discapacidade, de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroados no Concello de Vigo, e que fagan a achega correspondente.

A actividade residencial do respiro familiar ten lugar no edificio Cami da Fundación Menela, situado na rúa Laxe, nº 3. O edificio situado no centro histórico de Vigo, conta con catro andares, deseñados especialmente para facilitar a plena accesibilidade das persoas con discapacidade, nun contorno urbano que facilita a realización de múltiples actividades. Nestas instalacións aparte das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc. realízanse tamén actividades lúdicas (xogos de mesa, dinámicas individuais e grupais, manualidades), sesións de cine, etc. Dado que este é un servizo de ocio, fóra do edificio fanse – saídas de socialización- que consisten en levar aos beneficiarios do programa a lugares normalizados da comunidade para conquistar a súa integración nunha vida o máis normalizada posible: cafeterías, discotecas, cines, concertos musicais, praias, etc. As actividades adaptaranse ás características individuais de cada persoa.

Terceira.- Obrigas dos beneficiarios:

Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.*
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.*
- d) Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñezan, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- e) A Fundación Menela comprométese a incluír o logo da Concellería de Benestar Social en toda a documentación que sexa utilizada no programa “Respiro Familiar”*
- f) A Fundación Menela comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade e riscos laborais tanto para os usuarios/as como para o persoal do servizo, facéndose responsable dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

Cuarta.- Custo:

O programa está financiado pola Concellería de Benestar Social e as aportacións dos usuarios, a actividade residencial terá lugar nas instalacións do edificio Cami pertencente á Fundación Menela.

O programa levarase a cabo durante todo o ano 2008 ata esgotar a subvención de 13.000,00€, concedida pola Concellería de Benestar Social.

O custo da estanza por usuario e día no programa de “Respiro Familiar” ascende a 158,81€ incluíndo manutención, aloxamento e retribución a monitores. Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán á conta do beneficiario (cafetería, compras,...).

- Achega do usuario do servizo: 35€ persoa / día
- Achega da Concellería de Benestar Social: 123,81€ persoa / día

Quinta.- Procedemento:

As solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria
- Fichas de Coñecemento, Ficha de datos, Ficha Médica e Autorización (cubertas e asinadas).Segundo os modelos adxuntos.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por orde de entrada no Rexistro do Concello de Vigo, excepto as que a Traballadora Social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais.

Considérase urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 6 días.

Sexta.- Xustificación:

Este programa de “Respiro Familiar” é cofinanciado pola Concellería de Benestar Social e os beneficiarios do mesmo.

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 13.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890009.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- 50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.

A Fundación Menela comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que contera memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado pola Fundación Menela. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos de xustificación da subvención considéranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2008, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Documentos que conformarán a xustificación de subvención:

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada.
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada que comprenderá:

- *Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención agrupada por tipos de gasto.*
- *Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*
- *Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*
- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercicio 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Sétima.- Recursos humanos:

A Fundación Menela poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Oitava.- Seguimento:

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente Convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión, crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Fundación Menela e dous técnicos/as deste Concello, presidida polo Concelleiro/a de Benestar Social.

Novena.- Publicidade:

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.- Compatibilidade:

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

A concesión da subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custo total do servizo.

Undécima.- Lexislación aplicable:

A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

55(1275).- CONVENIO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES ATLÉTICAS COA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO. EXPTE. 7900/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 18.06.08, conformado polo concelleiro de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Atletismo, para o desenvolvemento do programa anual de actividades atléticas, que se compón, entre outras actividades deportivas, da Serie Municipal, a Carreira de San Xoán, ou o Campionato de España de 10.000 m, e que se achega con este expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 24.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Atletismo, CIF: G-15103500, e con enderezo social na rúa Fotógrafo Luis Kasado, casa do deporte, Vigo 36209. O pagamento realizarase na conta 2080 0000 71 0040208929 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento .

Terceiro: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A DESENVOLVEMENTO DO "PROGRAMA DE ACTIVIDADES ATLÉTICAS 2008".

No Concello de Vigo, con data _____ *de 2008.*

Por parte do Concello de vigo: D. Fco. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes

En nome e representación da "Federación Galega de Atletismo", CIF: G-15103500: D. Eleuterio García Rodríguez, DNI: 07676047-G

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.

MANIFESTAN:

Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de vigo ten o desenvolvemento do programa de actividades atléticas organizado pola Federación Galega de Atletismo, que con grande éxito vense celebrando os últimos anos, o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Federación Galega de Atletismo" conveñen o desenvolvemento do mesmo.

PRESCRIPCIÓNS:

Primeira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento do "Programa de actividades atléticas 2008", que inclúe, a Serie Municipal Concello de Vigo de atletismo, a XXV Carrreira nocturna de San Xoán, o XXIV Gran premio Cidade de Vigo de Atletismo, o Campionato de España de 10.000 m, ademáis doutras probas que poideran desenvolverse no marco programa ao amparo do presente convenio.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interés publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Federación Galega de Atletismo é unha Institución única e ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo a entidade que desenvolveu este proxecto nas súas anteriores edicións en base a ser a entidade que ten as autorizacións federativas para a organización deste programa.

A Federación Galega de Atletismo para obter a condición de de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización das probas incluídas no calendario do programa de actividades atléticas da Federación Galega de Atletismo, para o desenvolvemento das mesmas ó longo do ano 2008.
2. Colaborar na financiación do Programa de actividades atléticas da Federación Galega de Atletismo a través da subvención á "Federación Galega de Atletismo" en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento do programa de actividades atléticas, por unha cantidade de 24.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.

Cuarta: A Federación Galega de Atletismo asume as seguintes obrigas:

1. Organizar as actividades e eventos incluídas no calendario de probas atléticas presentadas no programa, no ano 2008.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización das actividades do programa, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do programa.
3. A organización comprométese a presentar un proxecto xeral de todos os requisitos da organización con un mes de antelación á celebración do programa.

4. Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial das probas. Así mesmo, na instalación onde se celebren os eventos figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.
5. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
6. Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Quinta: O seguimento da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes e do IMD, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Galega de atletismo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización das actividades incluídas no “programa de actividades da Federación Galega de atletismo no ano 2008”.

Sétima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Oitava: A Federación Galega de atletismo deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización das probas incluídas no Programa de actividades atléticas para o ano 2008. A subvención do Concello de Vigo é compatible con calquera outra que a Federación Galega de Atletismo poidera recibir polo mesmo concepto, sempre que o total do subvencionado non supere o 100% do presuposto de gastos do programa.

Novena: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa conformada deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a Federación Galega de Atletismo deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

1- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

- a) Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifi-

que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.

- b) Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- c) Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- d) En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto dos eventos organizados e subvencionados, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.

Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización das actividades realizadas, o técnico responsable da concellería de deportes procederá a emitir un certificado sobre a realización dos eventos e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 24.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamiento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

56 (1276).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.